

A IMPORTANCIA DO TERRITORIO NA ANTIGA REDE VIARIA. DE MILIARIOS, ARAS, DEUSES, CASTROS, PORTOS E OUTROS ASUNTOS

Autor:


X. Carlos Breixo Rodríguez

HISTORIADOR





A IMPORTANCIA DO TERRITORIO NA ANTIGA REDE VIARIA. DE MILIARIOS, ARAS, DEUSES, CASTROS, PORTOS E OUTROS ASUNTOS



“Mapa corográfico de la antigua Galicia”, por Joseph Cornide, 1790

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN.

1.- Lembrando o décimo aniversario da Revista Hume

1.1. A motivación do presente traballo

CAPÍTULO I:

FALEMOS DO TERRITORIO EN TEMPOS HISTÓRICOS.

1.- Falemos do territorio, de vereas, vías romanas e de camiños reais.. ..Páx 11

1.1. O rastro de nomes e lindes antigas entre as propiedades de San Xoán de Caaveiro e a conca do Eume - As Pontes, nuns documentos dos séculos X e XIII. “*Videlicet e ripa serra de sup fornelos, usque ad pontes de eume*”

1.2. A relación cos vellos arciprestados de Bezoucos e de Labancengos

1.3. *Videlicet e ripa serra de sup fornelos, usque ad pontes de eume*

CAPÍTULO II:

OS CAMIÑOS HISTÓRICOS DO TERRITORIO E OS ACHADOS Á SÚA BEIRA. DE ASTÚRICA AUGUSTA A BRIGANTIUM

1.- Repasando a historia polos camiños do pasado das Pontes

1.1. Os casos peculiares de Momán (no actual concello de Xermade), de Codeso, Buriz ou o de Corbite



1.2. O castro de Xove e o millar de Codeso. ¿Estarían este castro de Xove e o millar de Codeso na rota auxiliar da rede viaria romana dalgunha das vías XIX e XX que comunicaba Lugo, Buriz, Parga ou o val das Pontes con outros Lugares da costa, como Vares, Ortigueira, Cariño ou Cedeira?. A importancia do nome

2.- *Os achados numismáticos de Vares e de Montoxo como exemplo*

3.- Na procura da antiga rota terrestre

4.- *Lapatiancos* e o val das Pontes: A importancia dos recursos minerais, as fontes para obtelos e as vías de comunicación para distribuílos

CAPÍTULO III:

OS CAMIÑANTES BAIXO O AMPARO REAL E A PROTECCIÓN DAS VILAS

1.- Camiñantes e comerciantes baixo o amparo real e a protección das vilas

2.- O itinerario que comunicaba Astorga coas Pontes e con outros lugares da costa ártabra, do Ortegaleira e de Vares no século XV

2.1. Os dereitos de exención que tiñan todos os veciños da cidade de Astorga de pagar: portádego, peaxe, pasaxe, rondaxe e castelaxe

APÉNDICE DOCUMENTAL

1.-Documento do ano 1431: Requirimento de Pedro e Alfonso Botas, veciños de Astorga, ó alcalde de Lugo, para que garde e faga cumprir no Reino de Galicia o Real privilexio que exhiben, polo cal os veciños da citada cidade leonesa, estaban exentos de pagar portádego.

RELEMBRANZA E INTRODUCCIÓN

1. Lembrando o décimo aniversario da Revista Hume

O título do presente traballo fai alusión directa á antiga rede viaria que pasaba polas Pontes. Como poderían comprobar, os que leron outros artigos da miña autoría en anteriores números desta revista, non será, polo tanto, a primeira vez que fale deste asunto, resaltando a importancia desta vila medieval na configuración territorial e na rede viaria do país. Non é un asunto menor, pois se ben moitos autores presupoñen a existencia dunha antiga rede prerromana aínda non fomos capaces de definila totalmente; non é nada doado, nin moito menos.

Nesta ocasión, con motivo da celebración do décimo aniversario desta xa madura revista, retomo o fío da investigación histórica, pois ese décimo aniversario tráeme moitos e gratos recordos, e se en algo poido axudar, sigo, dez anos despois, facéndoo con outro dos meus traballos.

Pero antes de comezar quero ter un agarimoso recordo para os entrevistados e entrevistadas, ou colaboradoras e colaboradores desta revista, que faleceron nestes dez anos; coñecín a algúns e participei con eles en varias xornadas; fóronse indo por ese rueiro que ninguén coñece cando se vai, nin o longo que é o seu percorrido, pero que todos temos que andar. Grazas a eles tamén coñecín aspectos da vida pontesa de antano, das súas xentes e da tremenda transformación que experimentou ó longo do século XX. Recordei daquela e recórdoo hoxe tamén que teño varias ramas familiares que, ou viñeron das Pontes ou pasaron por aí, que foron : os Pita de Castro, os Maseda de Aguiar, os da Bouza, os Vázquez de Serantes, e algunhas outras.

Nestes dez anos, que pasaron coma un lóstrego, é de lei render un merecido e grande recoñecemento aos fundadores, ás socias e socios, e aos membros das




sucesivas xuntas directivas desta revista, pola marabillosa presenza na vida local desta obra escrita iniciada no ano 2008. Cando iso acontecía eu xa fora, uns anos antes, convidado a dar tres charlas nas Pontes, falando sempre de historia local, quen me invitara foi o seu presidente Francisco Xavier Martínez, o que fixo, a título persoal e en nome do resto dos compoñentes da xunta directiva. Nesa primeira ocasión e con motivo da saída dese primeiro número da revista, respondín cun pequeno artigo elaborado co que me figuraba, fora un descubrimento interesante, que era o documento do contrato ou “Escritura da traza e condicións para facer a ponte da vila das Pontes de García Rodríguez e contrato de arrendamento do Portádego da dita vila, feitas nos anos 1621 e 1628”.

E así con este título, sacado do mesmo protocolo notarial onde o atopei, enviei o meu artigo ao citado presidente para a súa publicación; aínda conservo ese correo. A cousa ía de pontes e camiños, e a circunstancia na que me atopei co contrato, tratarei de comentárvola a continuación, pois polo que vin, algúns individuos ignoráronna deliberadamente publicando un artigo dando a coñecer, uns anos despois, esa “nova” noutra revista, nova que xa non era tal. Ó meu parecer a revista Hume non merecía iso, pois se nas súas páxinas apareceu por primeira vez ese pequeno descubrimento, aínda que só fose por un elemental principio de cortesía merecía ser citada, aínda que do autor do traballo, neste caso eu, non apareceran máis que as siglas.

O achado referido (que tampouco foi para levar un premio, nin celebrar unha festa nas Pontes, nin moito menos) deuse a coñecer por dúas vías: unha foi por medio dunha charla á que fun convidado pola asociación “Amicus” das Pontes, celebrada na Biblioteca das Pontes o día 10 de novembro do ano 2006, onde Fina Blanco, boa amiga e membro fundadora da asociación que lle daría nome a revista “Hume”, puxo voz por min (pois eu non podía falar por prescrición médica) ás transparencias dunha presentación en Power Point na que din a coñecer so unha parte do citado contrato.

A transcripción íntegra do documento saíra no primeiro número desta revista¹, o que conservo con moito cariño e agradecemento (teño un so exemplar, e penso que escasean) pois foi a primeira creación escrita da asociación polo que comparto con certo orgullo a súa paternidade, xunto co resto das colaboradoras e colaboradores que participaron nese primeiro número, e que citarei por orde de aparición dos artigos na revista: José María López Ferro, Francisco Xabier Martínez Prieto, Xosé María López Fernández, Nieves Seijo, Fina Blanco e José María López Ferro, Roberto Rego e Xosé Cendán.



A outra ocasión na que se deu a coñecer o citado achado foi a través dunha entrevista-artigo titulado “La huella medieval de As pontes”, entrevista que me fixo a periodista Laura López, e que foi publicado en La Voz de Galicia o 15 de novembro do ano 2007². O contrato, como xa indiquei nese primeiro número da revista Hume, figuraba no protocolo notarial de Juan da Pena, custodiado, xunto con outros moitos, no Arquivo Notarial de A Coruña, na sección Protocolos de Ortigueira, e descubrino a mañá do día 14 de novembro do ano 2005,

¹ Breixo Rodríguez, X. Carlos (2008), *Hume Historia, Revista de estudos históricos locais*, nº 1, As Pontes. ISSN:1888-6138, páxinas 15-39. O artigo leva por título “A Ponte dos Ferros”, se ben no orixinal, enviado no seu día ó presidente da citada asociación, figuraba o de “Escritura de traza e condicións para facer a ponte da vila das pontes de García Rodríguez, e contrato de arrendamento do Portádego da dita, vila, feitas nos anos 1621 e 1628.”

² “La Huella Medieval das Pontes” LÓPEZ, LAURA, La Voz de Galicia, ano 15 de novembro do ano 2008 : (https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/ferrol/2007/11/15/huella-medieval-as-pontes/0003_6319194.htm) (2 de marzo do ano 2018).



segundo consta polas anotacións do meu caderno. O 21 dese mesmo mes, e o 12 do seguinte, continuei coa investigación lendo os protocolos dese mesmo escribán (de anos sucesivos), onde atopei algúns datos máis que me complementaban os anteriores, pois a construción da Ponte e os gastos que ocasionou levou o seu tempo, e a investigación para publicalos, tamén.

A causa foi entón que por ese ano e por eses días, andaba eu consultando os protocolos notariais do Partido Xudicial de Ortigueira (onde se inclúe As Pontes de García Rodríguez), circunstancia e data que quedou rexistrada na ficha que cubrimos os investigadores cando facemos unha consulta, nese e noutros arquivos. Ese mesmo día tamén solicitei as fotocopias do contrato, e en canto as tiveren no meu poder púxenme á labor de transcribilo todo. Nel figuraban, entre outros moitos datos, os nomes dos autores materiais da obra, en particular o do mestre canteiro Pedro de Vilar, que foi o autor da traza da ponte, que era veciño de San Pedro de Loira³, parroquia pertencente á vella xurisdición de Cedeira; e máis o dos mestres, Domingo de Vilar e Juan do Buyo.

O primeiro foi un mestre en arquitectura de recoñecido mérito e fama xa no último cuarto do século XVI, que traballou, e mesmo peritou algunha das obras doutro notable mestre en arquitectura coma el, chamado Miguel Fernández; este último era veciño de Santa Mariña do Monte e autor, entre outras moitas obras, dalgúñas obras, ou de parte dela, feitas en diversos lugares e comarcas, por exemplo: no

3 Na freguesía de San Pedro de Loira consérvase, nun inmerecido estado de abandono, a antiga igrexa parroquial; poida que participara na construción da bóveda do presbiterio da capela maior (que é unha peza moi meritória) o mestre en arquitectura Martín Fernández, de quen puido aprender o oficio Pedro de Vilar. Alguén co poder e a sensibilidade suficiente debería ocuparse deste senlleiro monumento antes de que se derrube (comezando polo concello de Valdoviño, por exemplo) e que foi abandonado por culpa da construción do embalse das Forcadas, aducindo, polo que me contaron, que podían verse afectados os seus alicerces pola construción do citado encoro, e por en risco a vida dos fregueses. Non teño palabras para describir esta barbaridade, entendendo esta acepción no mesmo sentido que a entendían os romanos, pois nada diso aconteceu xa que despois de máis de corenta anos segue en pé. Para os que lles interese saber algo desta pequena xoia poden consultar na Gran Enciclopedia Gallega a voz “Loira, San Pedro de”; cuxa autoría débese á US-ERO GONZÁLEZ, RAFAEL, profesor que foi do Instituto de Cedeira e actual Cronista Oficial de Cedeira, véxase na Ob.cit. T19, páxinas 118-120.

santuario da Virxe do Camiño en Betanzos, da capela Maior da igrexa de Santa María de San Claudio⁴ (hoxe desaparecida), do Hospital Novo de Viveiro (tamén desaparecido), das casas do rexedor de Viveiro Alonso López Sanjurjo e da capela de San Ildefonso no convento de San Francisco de Viveiro, custeada tamén polo citado rexedor, que era fillo de Vasco Sanjurjo de Montenegro, cura de San Xoán do Freixo, de quen me ocupei noutro número desta revista. Tamén sería o autor dunha capela na igrexa de San Salvador de Serantes, e de varias obras para a casa de San Sadurniño en diversas vilas e lugares.

Os autores da ponte⁵, como puideron ver no artigo e como recordo no presente, tiveran moi bos mestres e o prestixio gañado, de aí a súa elección. Mágoa que, co paso do tempo, o río Eume non entendera de obras e de estilos.

Algúns destes datos dínos a coñecer daquela e outros non, pero cóntoo agora xa que poida que, como deixo dito, a alguén se lle esqueceu, ou ben faltoulle a elegancia necesaria para recoñecelo e insistira no tema noutra revista (ignorando totalmente a Hume) despois de solicitarlle o meu número de teléfono a un bo amigo das Pontes (cuxo nome me reservo, pois meréceme o respecto que o solicitante telefónico non foi capaz de gañarse) chamoume por teléfono á miña casa, e solicitoume os datos do citado contrato pois segundo me dixo, gañara un premio (convocado por unha determinada editorial) e quería incluílo nesa publicación. Iso foi así, exactamente e rigorosamente así.

4 Fora costeadá no ano 1579 por Juan Díaz de Piñeiro, pero non a puido ver rematada pois faleceu antes. Era de pedra de tóelo, e de magnífica traza, cunha bóveda estrelada similar á da capela maior da igrexa de Santa María Mar de Cedeira ou á da capela Maior da igrexa de San Pedro de Loira. Mágoa que fora substituída pola actual, que en nada se parece a anterior. Curiosamente no ano 1579 Martín Fernández dicía ser veciño da cidade de Betanzos, se ben noutros documentos dise que era veciño de Loira. Residían moitas veces onde traballaban por un certo tempo. No ano 1589 Martín Fernández, por exemplo, estaba traballando na obra do Hospital Novo de Viveiro.

5 Poden consultar o artigo no número 1 da revista Hume do ano 2008, por se lles interesan algún outro dato dos citados autores; véxase en: BREIXO RODRÍGUEZ, X. CARLOS, “Escritura de traza e condicións para facer a Ponte da vila das Pontes de García Rodríguez e contrato de arrendamento do portádego da dita vila, feitas nos anos 1621 e 1628” en HUME HISTORIA, Revista de Estudos Históricos Locais, Edita: Asociación de estudos Históricos e sociais “Hume”, As Pontes; Imprime: Edi-up SL, nº1, ano 2008, páxinas 15-39.



Como non me gusta decidir determinados asuntos por conversas telefónicas, e ademais sen coñecer de nada a ese individuo (ó que non lle podía por nin cara) que me solicitaba un froito do meu esforzo, decidín darlle un non por resposta, dado que o traballo íase publicar no primeiro número da nova revista pontesa, tal e como tiña prometido ao presidente da citada asociación. Desde ese momento pasoume ao libro dos sen nome.

Unha mágoa que, en ocasións, non se saiba estar á altura; unha mágoa, pero algúns aínda seguen nesa liña, aínda que cun pouco máis de traballo pódese suavizar un pouco a estulticia e disimular algo máis as debilidades que un ten. Cabemos todas e todos en todos os espazos onde agrome calquera xermolo cultural, e non fai falta subir por riba de ninguén coma se fora un “castellet”, onde o que máis se ve é o que está enriba de todos, sen respectar o lugar ocupado polos que están aguantando nos niveis inferiores. Os lugares son individuais e son comúns, dependendo da circunstancia, e hai que aprender a convivir e valorar o traballo dos demais desde a nenez, despois tampouco é tarde, pero o ego pode ser moi orgulloso.

Esta revista, penso que non supoño mal se digo que naceu coa idea de fomentar os estudos locais a os traballos que con eles se relacionen, segundo reza o seu lema, e non para que se anularen entre si os investigadores e os autores que colaboran con ela, ¿Ou non?

ero tamén debemos saber que cada quen responde dos seus feitos e das súas obras, para ben e para mal. Eu so defendo o meu traballo e o nome da revista *Hume*, que xa pode escribirse en letras grandes, e non pretendo nin ignorar o traballo de ningún dos demais colaboradores nin descalcificalo sen fundamento, estea o non de acordo co manifestado polos seus autores, os cales teñen nome, apelidos e razón social.

Por outra parte eu non estou para perder un tempo marabilloso que me resulta necesario para outras cousas, co antedito xa lle adiquei abondo. Ese bo amigo das

Pontes, que lle proporcionou o meu número de teléfono ao citado individuo, ben sabe do que falo, e entre el e máis eu queda todo.

1.1 A motivación do presente traballo.

Nesta segunda parte desta longa introdución direi que, a pesar dalgunha interferencia, coma o que citei anteriormente, a investigación histórica continúa sendo unha das miñas teimas e praceres, motivándome no día a día na procura de datos relacionados con feitos de xentes e obras do pasado; enténdanse neste senso: os vellos camiños, as pontes, castros, igrexas, capelas, pazos casas, muíños, labras heráldicas, monumentos funerarios ou reloxos de Sol; e outras cousas parecidas.

Moitas destas obras en pedra foron feitas por modestos artistas locais, é dicir de por aquí cerca, ou por outros que viñeron de fóra, algúns mesmo chegaron a Galicia desde outras terras, como os que viñeron “de las siete villas de la Merindad de Transmiera”, vilas cántabras nas que abundaban os bos mestres canteiros que entre os séculos XV e XVI trouxeron con eles o seu oficio para algunhas zonas de Galicia; estes canteiros tiñan necesidade de traballo e en Galicia facían falta para reconstruír algúns castelos, para facer igrexas, pontes, muíños, ferrerías, fontes, labras heráldicas, capelas ou casas de fidalgos e pazos señoriais.

Algúns destes canteiros santanderinos, ou algún outro biscaíño que tamén viñeron a Galicia, levaban os apelidos de, Caxigal, Cubas, García de Quintana, López de Leiseca, de la Serna ou Arteaga; polo que debido ó seu cambio de asentamento os seus descendentes quedaron por aquí, casaron e deixaron descendencia.

Como bos mestres que eran deixaron obras notables nalgunhas vilas como Mondoñedo, Lourenzá, Castro Douro, Viveiro, Santa Marta de Ortigueira, Cedeira, As Pontes, Moeche, ou Neda; por citar algúns lugares, se ben hai máis.



Como o recordo e as obras seguen aí, é de lei lembrar tamén os seus nomes, e adicarlles un pouco de tempo, o que estou facendo no presente.

Para chegar á vila das Pontes había que atravesar por moitos lugares, pisar moitos camiños e atravesar moitas pontes. Deses camiños, vilas e lugares imos falar outro pouco, andando por eses vieiros históricos, en moitos casos xa desaparecidos.

CAPÍTULO I:

FALEMOS DO TERRITORIO EN TEMPOS HISTÓRICOS

1.- Falamos do territorio, de *commisos*, *vereadas*⁶, vías romanas e de camiños reais

Antes de seguir debo facer unha pequena introdución para aclarar un pouco o concepto de territorio tal é como se entendía entre a Antigüidade Tardía e a Alta Idade Media; modelo territorial que seguirá vixente na Plena Idade Media ata os primeiros séculos da Baixa Idade Media.

Pero antes imos facer unha pequena exposición relacionada cos pobos da Antigüidade que poboaron esta zona territorial, concretamente entre os ríos Sor e o Mandeo, abarcando o Mera, o Xubia e o Eume. Para iso seguiremos un dos traballos publicados por D. Luis Monteagudo⁷, considerado como unha autoridade na materia.

⁶ A palabra *verea* deriva do latín tardío *Vereda(m)*, e ten o significado de camiño estreito, formado polo paso común de xentes e de gando. Trátase pois de algo parecido a un veki, se ven este sería un camiño máis pequeno ou quizabes menos transitado.

⁷ MONTEAGUDO GARCÍA, LUIS. “Populi y Castella en el Edicto de Bembibre (Bierzo León) en ANUARIO BRIGANTINO, Excmo. Concello de Betanzos 1999, nº 22, páxinas 71-82. Dos Lapatiancos D. Luis di:” (antigo arciprestazgo que pasou a Cedeira: *Lapatiancos* nome de una de las 3 subtribus de los Ártabros que abarca aproximadamente desde el Alto Jubia y Valdoviño al W hasta la Sierra da Faladoira, da Coriscada y Estaca de Bares, incluyendo las rías y comarcas de

Don Luís comentado o chamado “Edicto de Bembibre” (plancha de bronce romana onde se gravou un texto latino que consta de 27 liñas, onde se especifica o obxecto do edicto) e máis seguindo a obra de cronistas clásicos como Plinio, Estrabón e Pomponio Mela, conclúe que en maior medida os antigos pobos que ocupan esta parte do territorio son os Lapatiancos e os *Arroni*, se ben D. Luis opina que os *Lapatiancos* ocupan toda a terra do concello de Ortigueira e os *Arroni* só o val do río Sor, o que, poida que non fose de todo exacto, e que el mesmo presenta como probable. O territorio de *Arros*, se atendemos ás divisións tanto civís como eclesiásticas coñecidas desde o século XIII ocuparía desde o río Sor ata o cumio da Serra da Capelada, pois o rei Afonso X cando lle outorga o Foro de Benavente a Ortigueira⁸, cita os límites da Xusridición da Vila de Santa Marta de Ortigueira “e que estes son los términos por el aguado coído e como va el agua de ribera del sor arriba e dende a pasada de mouros e dende a las cabeceras del Mera e dende el puerto de Siloa e dende mazarera e dende asturianos e a infualla forcada e dende a pedra de meo monte e dende a teixadielo e dende a la mar”. Os puntos e accidentes xeográficos dos termos de Ortigueira no século XIII son claros: o Coído de Vares, o couce do río Sor, a Pasada de Mouros, ás cabeceiras do Mera, o porto do Silvao, Maciñeira, Asturianos, Insua forcada, a Pedra de Meo do Monte, Teixidelo e o mar bravo, xusto onde chaman o Fungadoiro; polo que se comezou a designación dos termos pola auga do Coído de Vares (ó levante) é a pecha por Teixidelo (ó poñente),

Cedeira y Ortigueira y los ay^s de Valdoviño, Moeche y Cerdido.” Ob. Cit. Páx 80.

E polo que respecta ó etnónimo *Arroni* di: “(Et) Plinio IV 111 *populus* del N del convento lucense que prb ocupaba el valle de Sor, límite entre las prov. De Coruña y Lugo (CCRII80 mapa). *Arros* (PS.DAVID 42, interpolación del s. XII) arcipres^o al E de Lapaciengos hoy LABACENGOS NE de Moeche, coruña.-7 Gentil^o etrs ARR-ONIUS CIL VI, XI Tifernum Tiberin., cf *Ar-onius*= etrs (...). Se ben D. Luis Monteagudo opina que podían ser etruscos, outros autores pensan que era un pobo prerromano, non celta, e os *Lapatiancos*, Como subtribo dos ártabros si o eran. Hai opinións diversas en todos os campos, e nesta tamén. Aínda hoxe o excesivo celo territorial (que se Trasancos chegaba aquí, Labacengos acolá e Arros á máis aló) pode provocar que se fagan hipóteses diversas, e así ocorre en moitos casos. Os territorios políticos divídenos os homes, aínda que naturalmente os separen os ríos ou as cristas dalgunha serra, e co paso do tempo, varían.

⁸ “Fecha la carta en Valladolid por mandado del rrey XX dias andados del mes de setiembre, en era de mill et dozientos et noventa e tres anos” O que corresponde ó 20 de setembro do ano 1255.



todo o territorio de Ortigueira lindaba co mar por ese vento, incluíndo polo tanto o monte Herbeira, a Pena dos Torneiros, a Punta do Limo, o Cabo Ortegal, a Punta dos Aguillóns e a Estaca de Vares dentro dese territorio. Na actualidade, como moi ben sabemos, estes termos variaron. Velaí a mutante acción política humana.

1.1 A Conca do río EUME

Atendendo á conca do río Eume⁹, como se verá máis adiante, o territorio que ocupa o actual concello de As Pontes na Alta Idade Media e na Plena Idade Media, pertenceu unha parte a un deses antigos pobos, que na alta Idade Media chamáronse *commiso* (ou *commisu*) ou encomenda, como foi o *commiso* de *Visauquis* ou *Besoucos*; e outra a outro antigo territorio que se constituiría nun arciprestado no século VI, o de *lapatianco*. Tanto Arros como Labacengos estarían incluídos na diocese de Iria, polo menos entre os séculos VII e XII. Pero será só a partir dos séculos XII e XIII cando xa se documente plenamente esta relación, é dicir cando apareza o nome de As Pontes de Ume; se ben no século XII Bezoucos xa se cita como arciprestado e non como *commiso* e Labacengos segue coa mesma denominación. De todo isto falaremos neste capítulo, pero, para non facer a lectura moi dificultosa, darase mais información ó final deste traballo no APÉNDICE DOCUMENTAL¹⁰. De momento procuraremos algúns datos históricos das Pontes de Ume que, como veremos, son da Baixa Idade Media.

⁹ Volvendo á obra citada de D. Luis Monteagudo, cando fala do río Eume, di: “EUME: (Et) S. Pº. 12 K SW Pontes de García Rodríguez, Coruña, en zona NNL etrº. Río Eume, nace en la vertiente SW de Serra do Xistral 1039 m, pasa por Pontes de García Rodríguez y desagua por Pontedeume en la Ría de Ares I UMA gentilº etrs mascº CIE 381ª (Sco Petro de Uma 936; lo consideramos el documento más antiguo y decisivo; Millán no lo estudia en su monografía sobre Puente de Ume). Este personaje epónimo sería el *procurator metallorum* de valle del Eume zona aurífera(...)”. Véxase en ob. Cit. Hidronimia Gallega, páx 272. Como se pode comprobar D. Luis di que é un epónimo etrusco. Pois segundo el este pobo veu a Galicia cos romanos. O que si sabemos é que os etruscos (pobos de Etruria, na península Itálica) foron uns grandes mestres na elaboración de produtos metálicos, tanto de uso cotián, armas como de produtos de adorno e de xoias. Se o Eume é un nome prerromano ou é un epónimo etrusco, é una cuestión a discutir. Se interesan, quedan pois para o análise e discusión os documentos que aparecen nas citas de D. Luis.

¹⁰ Documentos II, III e seguintes. A información que se extractará está sacada de varios documentos publicados por LÓPEZ FERREIRO, (1899). “Apéndices” en *Historia de la Santa A.M. Iglesia de Santiago de Compostela*, Santiago de Compostela. Imp. Y Enc. Del Seminario Conciliar Central, Santiago. As páxinas cítanse ó lado de cada cita.

Polo que respecta ás formas de división territorial propias desa época, diremos que un *Commiso*, ou *Commisu*, era unha forma de división do territorio que podía incluír varias vilas rurais, casais, vicos, burgos, etc, que estaban baixo o dominio dun conde. Un arciprestado é unha forma de división territorial de carácter relixioso que está baixo a administración dun arcipreste e pode englobar varias parroquias, polo que goberna a varios presbíteros que administran os sacramentos e exercen a cura de almas dos fregueses e freguesas nesas parroquias.

1.1. Algúns termos antigos das Pontes nun documento do ano 1244. A relación cos vellos arciprestados de Bezoucos e de Labacengos

O que me levou a elixir o tema da presente colaboración foi a lectura dalgún documento que achega a noticia da exención do pago de portádego, e doutros tributos similares, que tiñan os veciños de Astorga cando pasaban por unha serie de vilas e lugares de Galicia na súa rota comercial cara ó mar, e do mar cara ó interior, de entre esa relación tamén se cita a vila das Pontes pois xa era sobradamente coñecida, tanto polo seu propio peso coma polo dos que ostentaban o seu señorío, que como se verá pola data da expedición do documento, naquel ano de 1432 era o Conde de Lemos, e antes fora García Rodríguez de Valcárcel e os seus descendentes.

Este feito histórico recordoume outra vez que a terra das Pontes de Eume esconde moitas sorpresas, dalgunha das cales xa deu conta a arqueoloxía, en maior ou menor medida. Léase ou consúltase o publicado acerca deste tema, desde os achados de xacementos do neolítico, unha grande cantidade de túmulos megalíticos, o famoso vaso campaniforme, os restos da Idade do Bronce e do Ferro, as aras romanas de Santa Alla de Portorroibo e a de San Mamede ou Somede, ou os restos dalgunha vila romana situada na confluencia do río Chamoselo co Eume, que foi descuberta moi cerca da mesma vila das Pontes e os sartegos altomedievais e



outros achados similares. Pero aínda se podería descubrir moito máis se chegado o día se potencia debidamente a arqueoloxía e se inverte con recursos económicos suficientes; seguro que entón valoraríamos doutra maneira o noso entorno e a súa importancia histórica dando a coñecer o papel desta maltratada parte de Galicia no tecido histórico da Península Ibérica.

Mentres pasa iso, que pasará porque as novas tendencias nese campo van por ese camiño e demandan dos axentes políticos maiores inversións, seguiremos con interese calquera novo achado, agardando tamén a que o turismo demande este tipo de recuperacións patrimoniais, pois cada vez move máis visitantes, amantes da prehistoria e da historia; ese aliciente virá da man dese turismo que tamén reporta ingresos e ademais propicia un intercambio cultural máis enriquecedor que o que proporciona exclusivamente o diñeiro. Os museos en cada pobo ou en cada vila son unha fonte de cultura da que non se pode prescindir, e menos nos tempos que atravesamos.

Salvo o antedito, é dicir os achados que podan aparecer, os documentos escritos en pergameo ou en papel son dos poucos soportes que achegan algunhas facetas dese pasado medieval, polo que hai que seguir na súa procura e entre todos botar unha man.

Con anterioridade, xa chamara a miña atención algúns nomes dos termos das Pontes que aparecen nun documento incluído no traballo que fixo sobre esta vila e terra D. Fernando Urgorri Casado¹¹, onde transcribe un documento do ano 1267 e outros do XVIII, e que falan dos lindes das Pontes e dalgúns puntos e referencias xeográficas antigas que delimitan esa terra.

E seguiuna chamando outro documento do ano 1244, a engadir ós anteriores, que incrementa a toponimia das Pontes; documento que figura no Cartulario do

11 URGORRI CASADO, FERNANDO. (1988) “Nuevos datos sobre el primitivo concejo de As Pontes” en *UNTÍA. BOLETÍN DO SEMINARIO DE ESTUDOS MARIÑÁS*, Vilas da Antiga Provincia de Betanzos. Betanzos de los Caballeros. Páxinas 9-56.

mosteiro de San Xoán de Caaveiro¹², e que non quero pasar por alto nesta ocasión, no cal se citan os nomes duns “términos” antigos das Pontes de Eume, é dicir das lindes con outro territorio, territorio que algúns investigadores puideron atribuír ós da vila da Ponte Deume, cando non se corresponden con ela, pois esa vila aínda estaba en proxecto de formación e de recoñecemento rexio.

De Pontedeume, como tal vila con Foro ou Privilexio Real, pódese falar con propiedade só a partir do ano 1270 cando o Rei Sabio lle outorga o Foro de Benavente¹³, tal e como se recolle nesta breve cita: “Et estos derechos et estos Regalengos les damos en tal manera aquellos pueblen en el lugar que dizen ponte deume et que fagan y villa, et que todos los que y poblaren que tengan y las mayores casas pobladas et encierren y su pan y vino”.

Polo que a cita do 1244 refírese claramente á xurisdición da vila das Pontes de Eume (en plural, polo número de pontes que había no seu val) que por aquel entón aínda non levaba o nome que lle daría quen recibira a vila, como señor dela, no ano 1372, é dicir, García Rodríguez de Valcárcel. Vemos entón que por esa parte entraba no arciprestado de “Bisauqs” (Bisauquis) é dicir Bezoucos, que na actualidade conserva o nome como arciprestado da diocese de Santiago e integra parroquias de varios concellos, incluíndo o das Pontes de García Rodríguez, como son: Bermui¹⁴, A Faeira, Goente, Ribadeume, Eume e Seixo.

12 “Cartulario del monasterio de San Juan de Caaveiro. Archivo Histórico Nacional, CODICES, L.1439.”

13 O texto deste Foro foi publicado por LÓPEZ FERREIRO, ANTONIO, en *Galicia Histórica*, Colección Diplomática, Tomo I, Año 1901, nº III.- Noviembre-Diciembre. Santiago, Tipografía Galaica, Horreo, I. Véxase o documento XXXIV, l.páxinas 161-169; se ben don Cesar Vaamonde Lores xa o dera acoñecer con anterioridade.

14 Poida que o nome de Bermui proveña dun posesor, o que lle daría nome á vila de “Veremuy”, un “Beremundiz” ou “Beremunde”, do que descendería una familia de cabaleiros, algún dos cales, aveciñado no territorio de *Bisauquis*. Nun documento do ano 1110 figuran os nomes de varios destes cabaleiros de Bezoucos, entre os que aparece, por exemplo “Pedro Bermúdez”. Véxase en: LÓPEZ FERREIRO, A. (1900) *Historia de la Santa A.M. Iglesia de Santiago de Compostela*, Santiago, Imp. Y enc. del seminario Conciliar Central, Tomo III, páxina 267. Recordemos que moitos



O exposto recórdanos a circunstancia de que ao longo dos séculos producíronse revisións de lindes e variacións deles, pasando a depender algunhas parroquias duns territorios ou xurisdicións a outros e a outras. Neste caso poderíamos dicir que no actual concello das pontes inclúense parroquias que pertenceron, cando menos, a dous dos antigos arciprestados¹⁵ (antigos territorios) que figuraban nas actas do Concilio de Lugo do ano 569, coñecidos, pouco despois, co nome de *Parrochiale Suevu*, (feito en tempos do rei suevo Teodomiro¹⁶), é dicir, ós arciprestados de “Lapatiancos” e de “Bisauquis”. Estes arciprestados estaban ó cargo dun abade, nome que tamén quedou na actual parroquia de San Xoán dos Casares do Abade, no actual concello de Moeche. A todo isto, destacar que a actual pía baptismal da igrexa parroquial de Santa María de Labacengos, tanto polo seu tamaño coma polo seu estilo, puido ser a pía lustral onde acudían a bautizarse todos os cristiáns do arciprestado de Labacengos.

castros estiveron habitados ata a plena Idade Media e mesmo uns séculos despois, é dicir, nos s XII e XIII e nas súas proximidades fundáronse e construíronse igrexas propias de familias que deron nome á algunha parroquia, como puido ser o caso; digo puido, que non afirmo.

¹⁵ Polo que parece, na Antigüidade Tardía e na Alta Idade Media, a coincidencia entre os espazos físicos que ocupaba un territorio e un arciprestado non era casual, senón que estaba influenciada pola antigas divisións territoriais romanas en Conventos Xurídicos, o cal, segundo parece, aproveitaría a igrexa desde o mesmo Sínodo de Antioquía, véxase: TORRES RODRÍGUEZ, CASIMIRO (1977): “La Religión. Organización Eclesiástica. Concilios. Diócesis y Parroquias”. En *El Reino de los Suevos*, Fundación Pedro Barrié de la Maza, Galicia Histórica, Preparada por el “Instituto Padre sarmiento de Estudios Gallegos, A Coruña, Cap. XV, páxina 276: “Por último San Martín en la carta, que en el citado concilio dirige al obispo de Lugo, con una colección de los concilios orientales, traducidos y depurados por él, da a la diócesis de Lugo el nombre de *concilium* en el sentido de Convento Jurídico; por tanto de acuerdo con lo dispuesto por el Sínodo de Antioquía del 341, de que las divisiones eclesiásticas debían acomodarse a las civiles, le da la consideración de Metrópoli”.

¹⁶ Véxase o *Parrochiale Suevum*, tamén chamado *Divisio Teodomiri*, feito, aproximadamente, entre os anos 572 e 582. E tamén en: GARCÍA ÁLVAREZ, Manuel Rubén. (1963) *El Cronicon Iriense, estudio preliminar, edición crítica y notas históricas*, in, *Memorial Histórico Español* 50, páxinas 1-204; é para este caso á páxina 106: “Et en Mirus in sede sue Hyriense contulit dioceses, scilicet: Morracium, Saliniensem, Moranium, Celenos, Montes, Metan, Merciam, Tabeyrolas, Velegiam, Louro, Pistomarcos, Amaeam, Coronatum, Dormianam, Gentines, Celtigos, Barchalam, Nemancos, Vimiantium, Selagiam, Bregantinos, Farum, Csutarios, Duuriam, Montanos, Nemitos, Prucios, Bisancos, Trasancos, Lavacencos et Arros et aliam que in canonibus rsonat.”

Para maior información véxase en: LOPEZ ALSINA, FERNANDO. (1988). “El espacio noroccidental galaico en los siglos IX Y X. En *La ciudad de Santiago de Compostela en la Alta Edad Media*”, Ayuntamiento de Santiago de Compostela. Centro de Estudios Jacobeos. Museo Nacional de las Peregrinaciones. Santiago de Compostela, páxinas 196-228.

Por aqueles séculos os arciprestados de Trasancos, Labacengos e Arrós pertenceron, primeiramente á diócese de Iria e despois á de Santiago, que abrangía desde o río Tambre ata o río Sor, pois ese era o límite oriental da diócese e do último dos citados arciprestados, delimitado polo antigo territorio de Arros e o río Sor. O territorio do arciprestado de Arros ven sendo o mesmo que comprendía a antiga “Terra de Ortumgarie” ou de “Ortigaria”.

Estes lindes revisáronse no século XII e os arciprestados de Trasancos, Labacengos e Arros pasaron a pertencer ó bispado de Mondoñedo, ocupando a Se de Santiago Diego Xelmírez e a de Mondoñedo o bispo Nuno Alfonso¹⁷, concretamente foi no ano 1122. Outros bispos, abades, e arcebispos tiveran os seus mais e os seus menos, o mesmo que con algún conde, e co rei.

1.2. O rastro de nomes e lindes antigas entre as propiedades de San Xoán de Caabeiro e a conca do Eume -As Pontes nuns documentos do séculos X e XIII. “Videlicet e ripa serra de sup fornelos, usque ad pontes de eume”

Proseguindo co rastreo documental, no ano 936 (aínda que a data está sacada dunha copia do século XII) encontrámonos cunha doazón que fai ó mosteiro de San Xoán de Caabeiro o bispo San Rosendo¹⁸, e vemos que nos fala duns lindes territoriais. No documento aparece o nome do río Eume, precisamente como

¹⁷ Anteriormente estiveran incluídas na diócese de Iria que despois trasladaría a Sede a Compostelana. Houbo varias avinzas e negociacións previas onde os abades de Xubia e os cregos de Bezoucos, Trasancos, Labacengos e Arros, así como varios cabaleiros tiveran que facer certas promesas ós bispos da diócese Compostelá. Véxase en LÓPEZ FERREIRO, A. *Historia de la Santa A.M. Iglesia de Santiago de Compostela*, TII, Apéndice, páxinas 6-7; é tamén no TIII, páxinas 267-268. Neste último caso insírese a lista dos cabaleiros e dos cregos de Bezoucos, Trasancos, Labacengos e Arros que suscriben unha avinza en tempos de Diego Xelmírez, no ano 1110; así como a Bula do Papa Pascual II que confirma as citadas posesións; Ibidem, páxina 77 dos Apéndice.

¹⁸ PORTA DE LA ENCINA, ANTONIO. (1986) “Aportación al estudio del Monasterio de Caabeiro”. En *Estudios Mindonienses*, Anuario de Estudios Históricos-Teológicos de la Diócesis de Mondoñedo Ferrol, Centro de Estudios de la Diócesis de Mondoñedo Ferrol y Publicaciones Caixa Galicia. Tomo 2; véxase a transcripción completa do documento en: Apéndice documental I, páxinas 251-252. Ó final do presente traballo, no APÉNDICE DOCUMENTAL, transcribíse unha boa parte deste documento, sacado da obra citada de D. Antonio López Ferreiro.



limite (sen aparecer aínda nin o nome das Pontes nin o de Pontedeume) e outro nome propio, o de “Trastaloni” (nome que pode ser de varón, de onde virá o nome de Trastoi) que se conserva na parroquia vilalbesa de Santa Baia), ademais de varios lugares e freguesías cimo: “Santa María de Cabalar cum sua friigrigia et vilis nominatis Irmiildi et Fiuniti [...] et Silobre et Fornelos et alio Fornelos sancta Eolalia cum sua friigrigia Savariz Joani et Fornos et Vilar et Vauludusu **Eclesia sancti Martini de Goenti** et Pedras de Vodas¹⁹ et Cornis et Malitoso **Eclesia de sancto Pedro de Unia** (¿Umia?, ¿Ume?, débese referir a san Pedro de Eume) [...] per terminos de rio Covo et inde per Pedra de Lubrizium et inde per aqua de Nida et inde per terminum de Carro Freito deinde per Sacancelados **deinde per sanctum Martinum de Goenti** deinde per aqua de Filgueira **que entrat in flumine Eume** omnes ipsa villas cum suis saltis roboratis et pomerias ortos”.

Como vemos non se fala de territorios, senón que se fala de vilas de orixe altomedieval, ou medieval, de lugares e de freguesías, cuxa fundación estivo influenciada polo cristianismo, pois xa teñen un santo ou santa como patrón ou patroa, como é o caso de San Pedro ou de Santa Alla, polo que parecen de fundación antiga. No documento aparecen varios nomes de orixe xermánica como: Irmiildi, Goente, Savariz ou Savarizi (Sabarico). Os nomes dalgúns dos presentes na doazón tamén son de orixe xermánica, o que parece que demostra o influxo dos suevos e dos godos por esta zona de Galicia; vexamos algúns exemplos: Anagildo, Sisuladus, Rodericus, Velascu, Frugulfus, Astrufidius, Froila, Goente, Giganiz, Ermenegildo, Gidemirus, Romarico, e o mesmo bispo Rodesindo ou Rudesindo. Ocorrémese dicir que o nome de Xermade pódenos levar a sacar unhas rápidas e fáciles conclusións, pois parece a simple vista e oído que se trata dun xermanismo, pero tamén puidera proceder dun nome latino, como o de *Germinati*, *Germinatus*. Caso parecido temos, por exemplo, en Germar. Como vemos o estudio da toponimia e da antroponimia lévanos ás veces a conclusións que precisan dunha discusión previa autorizada para ditar unha sentenza con fundamento.

¹⁹ Pedras ou mesas dos sacrificios.

1.3. *Videlicet e ripa serra de sup fornelos, usque ad pontes de eume*

Despois disto, damos un pequeno salto para ver outra cita extraída dun documento do ano 1244, que tamén fala de Fornelos (que pode ser o mesmo) pero xa aparece o nome das Pontes de Eume. A cita relaciona a serra que está por riba, ou sobre Fornelos e as Pontes de Eume, e di que está na Terra de Bezoucos; o documento do cal se recolle a cita está datado en tempos do rei Fernando III e di así:

“omnia nra hereditate quanta habem et habere debem de abiorum et parentorum nroum. et e ipa hereditate **in tra de bisauqs** et in cautu pdei monasterii. **videlicet eripa serra de sup fornelos, usque ad pontes de eume. quanto nos ibi habem-ut habere debem p suis loquis et tminis antiⁱquis pubicunq**”.

Trátase dunha doazón feita ó citado mosteiro de todas as herdades que tiñan, e debían ter, as irmáns Elvira Rudici e Toda Roderici, fillas de “Matheus Rodici de Sillovre” (Rodríguez de Sillobre) e que lles veñen por seus avós e parentes. A parroquia de Sillobre á que fai alusión o apelido citado, pertencía e pertence ó arciprestado de Bezoucos e a súa existencia está documentada desde o século IX, se ben polo nome vemos que é moi anterior. Algúns destes termos e parroquias, como é a de Santa Maria de Cabalar e outros lugares, pertencen na actualidade ó concello da Capela, o que naquela época non existía, pero estiveron baixo a influencia do monacato pola súa dependencia ó mosteiro de San Xoán de Caabeiro.

Para complementar o que levo dito e tratar de situar cronolóxicamente e diferenciar as Pontes de Pontedeume, anticiparei os primeiros datos da outra vila, a de Pontedeume (que virán despois) é necesario aclarar que por esa época reinaba en Castela, León e en Galicia o rei Fernando III, e que Don Rodrigo Gómez de Trastamar “tenente comitatu”, tamén citado en varios documentos²⁰ era o conde e

²⁰ VAAMONDE LORES, CESAR. (1909) *FERROL Y PUENTEDEUME, escrituras referentes a propiedades adquiridas por el monasterio de Sobrado en dichos partidos durante los siglos XII, XIII Y XIV...* CORUÑA Tipografía y papelería de F. García Ybarra, Calle Real, número 66. Páxinas 1-89, documento XXXVIII, nota 1, páxina 41.



“Principis Gallecie”, ou “Principis Trastamarensis”; é dicir a máxima autoridade territorial despois do propio monarca. Os que mandaban nestes territorios directamente era, polo tanto, o conde que ostentaba esa distinción no gran condado de Trastamar ó que se fai alusión nos documentos, reunía varios condados, entre eles os de Monterroso e o de Montenegro, onde se incluía o territorio das Pontes, Ortigueira, Trasancos, Cedeira, ou Vila Alba de Montenegro e outros. Por esa razón, e como sinal de recoñecemento polo monarca que como a tan grande e nobre señor se lle debía, é citado nos documentos desa época, pois era o encargado de ordenar os territorios da súa encomenda; neste caso o das Pontes de Eume, a un lado e outro do Eume. O conde coas súas mesnadas percorría os seus dominios, aseñorábaos e pousaba alí onde lle parecía. Nomeaba e recollía as rendas e os tributos, poñía e quitaba, e se facía falta xulgaba e executaba, era a man do poder polo que todo pasaba por el, e polo prior ou o abade do mosteiro que tivera algo que ver con ese territorio ou con parte del, neste caso o de San Xoán de Caabeiro.

Estes territorios nos séculos IX e X eran da familia do citado bispo San Rosendo, fillo dos Condes Gutier Menéndez e de Ilduara Eriz, e neto paterno de Hermenexildo, poderoso conde e repoboador de moitos territorios de Galicia no século IX. Ilduara era filla doutro poderoso conde de Lugo chamado don Ero e de Adosinda, fundadores e repoboadores tamén coma os seus consogros de mosteiros e parroquias. Don Rodrigo Gómez, o conde de Trastámara do que estamos falando, era outros dos descendentes desa nobre e poderosa familia, que poidan foran descendentes da nobreza sueva e goda que se mantivo ao fronte destes territorios ó longo dos chamados séculos escuros, é dicir, os séculos VII, VIII e parte do IX. Velaí a posible relación e orixe destas primeiras parroquias do Eume.

Os documentos escritos non son abondosos, polo que calquera cita fiable que para o caso nos fale das Pontes de Eume é como un pequeno tesouro para reconstruír a súa historia, datar a súa antigüidade e describir a súa organización, o que eu hoxe so trato de ampliar un pouco, pois antes xa fixeron outros un excelente traballo; algúns autores como D. Fernando Urgorri Casado, D. Rafael Usero González,

e o que foi Cronista das Pontes, D. Enrique Rivera Rouco, os que consultei e comentei nalgún traballo publicado en números anteriores nesta revista. Non cito ós que non lin, pero seguro que os traballos falarán por eles.

Así pois, atendendo ó antedito, o nome das Pontes ou da Ponte, asociado co río Eume aparece en documentos fiables a partir do século XIII, e dá lugar a dúas vilas, unha será a das Pontes, situada no val do curso medio do Eume (na chamada depresión das Pontes) e do seu afluente o Chamoselo. A outra vila, a de Pontedeume, nacería anos despois á marxe occidental da desembocadura do Eume. Pontes houbo moitas, pero para relacionalas con algunha desta dúas vilas hai que aportar os documentos que o acrediten con validez diplomática e paleográfica, senón corremos o risco de crear dunha hipótese un feito sen o rigor necesario ou o que é peor, sen ningún. En Galicia, por exemplo, hai moitos lugares que levan o nome de Ponte diante, e despois o cualificativo, o adverbio ou o patronímico, confundirse polo tanto non é tan difícil.

Páx seguinte: “Mapa Geográfico del Reyno de Galicia”, por Tomás López, 1784





CAPÍTULO II

OS CAMIÑOS HISTÓRICOS DO TERRITORIO E OS ÁCHADOS Á SÚA BEIRA. DE ASTÚRICA AUGUSTA A BRIGANTIUM

2.3. Repasando a historia polos camiños do pasado das Pontes

Como vemos, se facemos unha consulta en internet, o actual territorio de As Pontes ten un pasado prehistórico do máis interesante de Galicia; máis con dicir iso non descubro nada senón que reafirmo o coñecido, pois iso xa se manifesta tamén desde anos atraís por varios indicios que foron estudiados no seu día; indicios que nos poden levar a pensar que un dos principais obxectivos, a parte dos puramente vitais ou os das súas crenzas relixiosas, que puideron desenvolver os antigos moradores dos diversos asentamentos existentes no val das Pontes, sería o da atracción e a necesidade de obter, por exemplo, os recursos mineiros desta zona en tempos da Idade do Bronce e do Ferro. Todo isto xa o veu e valorou primeiramente e de forma acertada, D. Federico Maciñeira Pardo de Lama xa fai máis dun século. Adiantouse ó seu tempo e veu esa posibilidade e relacionouna cos achados feitos na comarca pontesa, que como nel era estilo usado foron debidamente comentados e explicados nas súas publicacións; se están interesados, a elas os dirixo; verán que as orixes deses obxectos materiais foron as hábiles mans de homes e mulleres (que nada hai que as descarte) que viviron uns catro ou cinco mil anos atrás e as súas habilidades e destrezas estaban á altura das culturas e actividades dos pobos do Bronce e do Ferro e anteriormente coa neolítica.

Como na actualmente a miña contribución basease na investigación de arquivo e nas propostas que delas poida extraer, fareino retomando o estudo dos vellos camiños, é dicir das vías de comunicación que unían os diversos territorios desta parte de Galicia, centrándome concretamente na zona próxima a As Pontes.

E para escribir e argumentar do pasado deses camiños debemos estudar e consultar as fontes das que dispoñemos²¹, e sabemos que facelo nun período de tempo tan considerable resulta moi complexo, pois abrangue desde antes da romanización e despois dela, pois se ben os indicios lévanos a pensar en que se había riqueza dabondo por explotar, o facer calzadas e camiños non era un problema maior, xa que os romanos sabían como facer todo iso para unir as poboacións máis importantes cos poboados de onde lles viñan os elementos necesarios para o seu desenvolvemento; man de obra tampouco lles faltaba.

A cuestión é atopar materialmente eses poucos restos de vías, camiños auxiliares ou ramificacións; pois polas crónicas antigas so sabemos dos Itinerarios principais (como é o caso dos itinerarios coñecidos de Antonino), e non os secundarios, é dicir eses outros camiños de a pé por onde tamén circulaban os carros, as zorras e os carretóns sobre rodas, desprazados mediante tracción animal; eses restos perdéronse en gran medida ó se facer novos trazados e novas vías, e non digamos no caso das Pontes polo efecto da construción do complexo mineiro con todos os seus derivados.

A causa citada explica que o nome coñecido desas vías romanas de Galicia é pouco máis que os das que unían os principais núcleos de poboación²² daquela

21 FERREIRA PRIEGUE, ELISA. (1988). *Los caminos medievales en Galicia: Fuentes documentales* (ANEXO 9 do BOLETIN AVRIENSE-MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL de OURENSE.1988), páxinas 204-205. “Una vez cruzado el puente de Puentedume (...) en Cabanas, salía un camino para Vivero y Ortigueira, que iba siguiendo muy de cerca la carretera actual, por S. Esteban de Eirines, Lavandeira, Las Nieves”(…); máis adiante di: El camino principal sigue por Filgueiras, S. Martín de Goente, Laurentín, donde cruzaba con el camino que venía de Porto dos Frades, Almigonde, donde cruzaba el puente de la Calzada, Viduedo, y el castillo de Portelo, que vigilaba este camino conocido como la **verea das Pontes de Eume y la vía que venit de Vivario ert de Urtigaria**”. O que lle interese consultar o traballo na súa totalidade pode acceder a el na obra citada.

22 Entre eses núcleos de poboación, e próximos ás vías que os comunicaban, había uns lugares de descanso ou mansións, distantes unhas das outras entre 20 e 30 quilómetros, onde puider repousar e abastecerse do necesario as xentes e os animais que os acompañasen. Estas áreas e construcións de descanso chamábanse *mansio e mutatio*, e destas mansións quedaron restos en varios lugares de Galicia.



época, algunhas como os actuais núcleos das cidades e vilas de Lugo, Sober, Monforte, Caldas de Reis, Ourense, Betanzos, ou Coruña por citar algunhas. En moitos outros casos so se presupón esa existencia, pois restos atopáronse poucos, porque simplemente nin se buscaron, e atribúense maiormente á rede viaria medieval²³, ou ben desapareceron por obras civís, ou incivís, que nos trouxo o chamado desenvolvemento comarcal, que ás veces foi envolvimento.

Desa rede viaria poderíamos e deberíamos saber máis, tanto da súa construción, expansión e actualización ó longo dos séculos, como dos seus restos. Pero esas vías de comunicación e os seus trazados existiron, presupónselles a súa existencia pola cantidade de castros e de vilas que hai por esta zona, pero, como dixeran, coas reservas propias que manda o sentido común e a cautela, poida que descoñezamos moito máis do que sabemos.

A pregunta de rigor é pois: ¿Como e por onde senón se comunicaron co interior os portos do Golfo Ártabro e os de Ortegal, Vares, e a costa da Mariña de Viveiro, que tiñan grandes posibilidades de xerar riqueza?. ¿Non nos suxeriron esa existencia e o demostraron e demostran os achados dalgúns antigos asentamentos?, dos cales podemos enumerar os descubertos nalgunha parte da costa dese gran porto dos Ártabros, (varias vilas romanas nas rías de Ares e Ferrol, por exemplo); ou tamén nas rías e portos de Cedeira²⁴, Cariño²⁵, Espasante ou na de Vares²⁶, que foron e son estudadas por investigadores e arqueólogos de prestixio, os cales na actualidade

²³ Para maior información véxanse algúns traballos publicados que falan desta rede, como por exemplo os feitos por Elisa Ferreira Priegue, ou os de Nardíz.

²⁴ A entrada da ría de Cedeira, nas escavacións do Campo do Castro, acaba de descubrir o equipo dirixido polo arqueólogo Emilio Ramil outro “monumento con forno”, como o de Espasante e coma outros similares na costa atlántica portuguesa.

²⁵ No porto de Cariño atopáronse vestixios dese pasado, algúns como unha machada votiva de bronce e varias moedas de bronce, anteriores á época romana e contemporáneas a esa época.

²⁶ Consúltase: MACIÑEIRA PARDO DE LAMA, FEDERICO “*Bares puerto hispánico de enlace de la primitiva navegación occidental*”. Consejo Superior de Investigaciones Científicas. Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos, Santiago de Compostela 1946, C. C. Bermjo, Impresor.- García Morato, 118.- tel. 23-11-99. Madrid. 432 páxinas, incluído o índice.

teñen mellores ferramentas e medios técnicos dos que tiñan os pioneiros, por exemplo don Fedrico Maciñeira e os seus coetáneos. Pola costa intuimos que o facían *per Loca Marítima*, aínda que Antonio²⁷ parece que os seus xeógrafos non pasaron a Marola, e se a pasaron non pasaron nin por Trasancos, pola ría e terra de Cedeira, nin a Capelada, as terras do Cabo Ortegal, e de Arros. Coma hoxe, os nosos antepasados tamén estabamos illados, as estradas non debían pertencer ao Imperio romano; serían camiños veciñais.

Proseguindo, comentarei que outros investigadores, con métodos discutidos, e mesmo exercendo de arqueólogos afeccionados, como foi o caso do médico don Antonio de la Iglesia, tamén descubriu ese pasado prehistórico do val das Pontes, e mesmo pasaron uns meses escavando nos túmulos e castros da zona das Pontes, e por outras zonas, alegando que precisaba deses aires montañosos para curar un determinado mal que parecía que sufría e sentábanlle ben ese clima local. Pois foi así como D. Antonio De la Iglesia escavou algúns deses asentamentos, e so levado pola intuición e polo coñecemento que tiña do territorio e da súa toponimia, foi quen de destapar varios deses tesouros do pasado.

E non foi nin o único, nin o único sitio que escavaron, pois venme á memoria un achado feito en San Pedro de Loira a finais do XIX, ou en Vilarrube, onde apareceron moedas romanas, ladrillos, tégulas e outros restos. E tamén os descubertos por outros afeccionados como eran os irmáns García Nebril, un deles nacido en Cedeira, escavacións de afeccionados levadas a cabo na década dos anos vinte do pasado século. Estes achados fóronlle comunicados a Maciñeira, detallando o lugar e as características dos elementos atopados, descripcións e debuxos, dos cales conservo a documentación orixinal.

²⁷ Antonino elaborou uns itinerarios que levan o seu nome, e ese, o de *Per Loca Marítima* é un deles. Unía, por rexións ou lugares marítimos, Braga (e varios portos e cidades do sur da antiga Gallaecia), Lugo e Astúrica Augusta, a actual Astorga. No Itinerario de Antonino so aparecen os camiños e as vías custeadas polo estado, polo que faltan os provinciais e os veciñais, os cales corrían ó cargo das colonias inmunes e dos municipios. Parece que foi redactado na primeira metade do século III d. C., aínda que a redacción do texto que se coñece é do século IV. O ante dito explicaría a falta de datos desta parte de Galicia. Tamén se coñece polo nome de: *El Itinerarium provinciarum Antonini Augusti ó Vêtera Romanorum itinera*.



Son pois motivos dabondo os que me moven a percorrer por eses antigos camiños, seguidos por estes precursores que, non escavaron todo, deixaron aínda moito.

Como ese rastro dos primitivos camiños aparece algunhas veces nas proximidades de antigos asentamentos (castros, vilas, vilares, burgos etc), e poida que o caso que expoñerei, non sexa un rastro cruzado, convén seguir co seu estudo e facelo con certo detalle e profundidade, aínda que no presente traballo non lle adique a extensión que merece.

2.4.- Os casos peculiares de Momán (no actual concello de Xermade), de Codeso, de Buriz ou o de Corbite

Veño estudando algúns documentos relativos a Momán de tempo atrás e doutros lugares do concello de Xermade, e teño que dicir que xa o nome chamou a miña atención, o mesmo, por exemplo que o nome de Mañón, polo que o relativo á toponimia trato de estudala con certa profundidade. Hai algúns nomes que nos recordan a diferenciación e variedade dos grupos e pobos que ocuparon este territorio²⁸, polo que os nomes son sempre importantes ó falar da súa orixe, e das súas variacións no tempo, estudo que se lle encarga á filoloxía histórica e que necesita do mellor desas dúas ciencias, da filoloxía e da historia. Vexamos que os nomes que reclamaron a miña atención foron os do propio Momán, o de Corvite e o de Buriz, por eles atopei outros. Digo que chamaron a miña atención, a miña

²⁸ Tanto de orixe latina coma xermánica, pois son abondosos por esta zona, onde se mantiveron e conservaron co paso do tempo sen moitas alteracións. Dos prerromanos tamén quedou un substrato interesante, difícil de estudar, pois os mesmos especialistas non se poñen de acordo nalgúns deles. Algunhas opinións neste sentido pecan dun excesivo reduccionismo, nin todo é celta, nin tampouco podemos dicir que non hai nada celta. Establecer os criterios e ás porcentaxes do que quedou e do que se conserva aínda dará que falar e que escribir; o mesmo que deu, e da aínda, o debate dos Neandertales e dos HAM (ou Sapiens), europeos os primeiros e inmigrantes (en Europa) os segundos. Neste caso, parece que polos últimos resultados das investigacións paleoantropolóxicas e xenéticas parece que a cousa cambiou; haberá que corrixir algúns capítulos dos libros de prehistoria; e tamén haberá que facer o mesmo cos de historia, pois a evolución é o que ten. Hai temas moi complexos, e este é un deles.

e seguro que a de máis historiadores ou arqueólogos, sobre todo porque aparecen relacionados cos nomes de Xove, un millar e un castro, ademais da mámoa de Corvite.

2.4.1.-O castro de Xove e o millar²⁹ de Codeso. ¿Serán este castro de Xove e o millar de Codeso lugares e puntos de referencia na rota auxiliar da rede viaria romana dalgunha das vías XIX e XX que comunicaba Lugo, Buriz³⁰, Parga e As Pontes con Lugares da costa, como Vares, Ortigueira, Cariño ou Cedeira?

Antes de comezar con este punto debo comentar que nalgún mapa do século XVIII, como son os de D. José Cornide Saavedra e o de D. Tomás López³¹,

²⁹ O que apareza o nome do *millar* de Codeso é un dato interesante pois sabemos que os millares romanos eran pedras, ou ben circulares, ovaladas, ou poliédricas (con epigrafía ou sen ela, que tamén podían ser honoríficos) que servían para acoutar as distancias nas vías romanas duns mil pasos dobres romanos, equivalentes a uns 1480 metros. O seu tamaño oscilaba entre os dous e os catro metros de altura, e os cincuenta e oitenta centímetros de diámetro; aparecen asentados na terra mediante unha base firme cilíndrica ou prismática. Son abundantes nas vías romanas entre os séculos III e IV. A partir do século XI tamén se lles chamará *humiliatorium* debido, posiblemente, ó influxo das peregrinacións a Compostela e a outros santuarios galegos. Saber se estes miliarios son ou non de época romana é, polo tanto, un dos obxectivos da arqueoloxía e da paleografía.

³⁰ A referencia de procura do documento é: “Rodrigo García de Ambroa dona al monasterio de Santa María de Monfero una heredad en Corvite, término O Buriz”. Archivo Histórico Nacional, CLERO-SECULAR_REGULAR, Car.499,N.9. O nome de Ovorit aparece escrito así no pergameo do ano 1229 (que se pode consultar no enlace que se achega). É posiblemente a forma escrita primitiva do que se convertera en Buriz. Este vilar de Buriz é un punto importante na vía entre Lugo, Parga e Betanzos (pódese tratar dunha vía secundaria ou complemento das Vías XIX e XX que unían Bracara Augusta (Braga) e Asturica Augusta (Astorga) con Brigantium (A Coruña), respectivamente) é un cruce de camiños onde, ó longo dos séculos, se atopaban xentes procedentes de diversos lugares, e naqueles tempos era necesario dispor de albergues, mansións, tabernas ou pousadas a distancias cortas entre vilas e vilares onde poder gozarse, descansar, manterse ou curarse. Pola proximidade de Ovorit (Buriz) ó vilar de Corviti (Corvite) e o castro de Xove de Momán, poida que se trate dunha zona de potencial interese arqueolóxico, o mesmo que a terra de Parga que tamén precisaba dun estudo moderno neste mesmo sentido. Nesta zona xuntábanse as vías que comunicaban as antigas cidades de “Brigantium” (preto de onde se erguía seu famoso faro) coñecido co nome de Torre de Hércules), “Lucus Augusta” coas vías conducentes, por exemplo, á Mariña de Viveiro, a Mondoñedo, a Foz e Ribadeo.

³¹ Pódense ver na páxina da “Biblioteca Digital”.



aparece a rede dos principais Camiños Reais do Reino de Galicia (non todos, nin moito menos), que se mantiñan desde a Idade Media e chegaron ata o Antigo Réxime. Nesas mapas buscamos e vemos como varios deses camiños pasaban pola vila das Pontes de García Rodríguez. Eses camiños pódense relacionar entre si e construír diversos itinerarios que comunicaban varios núcleos de poboación, portos e lugares de comercio que eran os de maior importancia.

Esta reflexión fanna outros historiadores e con ela vénseme á memoria unha cita que achegaba no ano 1980 D. Felipe Arias Vilas³², que naquel ano exercía como Director-Conservador do Museo de Lugo e que é a seguinte: “Para Diego Pazos, unha das vías que ían de Astorga a Braga viría polo Cebreiro. Lamas e Triacastela serviría logo de pauta para o Camiño de Santiago. Hoxe están máis ou menos definidos os vieiros daquelas calzadas romanas e ningunha das citadas nos itinerarios importantes pasaba pola comarca sarriana. Porén, é lóxico e obrigado pensarmos nunha serie de camiños e veredas, de orixe anterior, que foron usados na época romana, sobre todo tendo en conta os asentamentos castrexos xa mencionados máis arriba, ou os xacementos propiamente galaico-romanos, como os que imos citar.”

Aproveitándoa atrevome a repasar uns cantos itinerarios existentes na idade media e non sabemos aínda moi ben cando foi a súa orixe.

Para ilustrar a presente ocasión, á vista da cartografía e doutros documentos, sinalo os seguintes itinerarios, que, en moitos tramos, aproveitaban os que ían e viñan polo Camiño Francés, e xa falei deles en anteriores traballos³³:

32 PAZOS, DIEGO. (1980) *HISTORIA DE SARRIA*. Alvarellos editora Técnica. Edición facsimil. Editorial Alvarellos PL.Cte. Manso, l Tel. 220578 Lugo. A cita escrita por D. Felipe Arias aparece no Limiar, concretamente na páxina VII. Diego Pazos y García publicara esa obra co título de “Apuntes acerca de la Villa y comarca de Sarria. Ensayo histórico”, e saíu do “Establecimiento tipográfico de Jaime Ratés, Costanilla de San Pedro, Madrid”, no ano 1916. Polo que vale a cita para esta ocasión elíxoa polo que me parece un criterio moi acertado do autor que, ademais, é un auténtico experto na materia, nesa e noutras moitas máis.

33 BREIXO RODRÍGUEZ, J. Carlos, *O Camiño Francés ó seu paso polas vilas de Neda, As Pontes e Sta Mª de Ortigueira*, Revista HUME nº3, 2010, páxinas 35-47.

ITINERARIO I- DE LUGO A VILALBA E DE VILALBA ATA A DESEMBOCADURA DO RÍO XUBIA:

Lugo – Rábade - Vilalba - Santa Balla – Roupar - As Pontes – Espiñaredo - Igrexa Feita - Desembocadura do río Xubia (entraba este camiño por san Pedro de Anca e de aí a Neda e a Xubia).

ITINERARIO II - DE LUGO A BETANZOS PASANDO POR VAAMONDE:

Lugo – Rábade – Carral – Vaamonde – Lagostelle - Carballo Torto - Betanzos.

ITINERARIO III- DE VAAMONDE A PONTEDEUME:

Vaamonde - Santa Cruz - Buriz – Labrada – Monfero - Pontedeume.

ITINERARIO IV- DE BETANZOS A VIVEIRO:

Betanzos - Xestoso – Roupar – Muras - Ourol – Xerdiz – Merille - Landrove - Viveiro.

ITINERARIO V - DE AS PONTES A VARES (polo chamado modernamente “Camiño dos Arrieiros”³⁴): AS PONTES – MAAÑÓN – Mogor - VARES.

34 Os arrieiros seguían varios camiños sen que figure o nome de “camiño dos arrieiros” en ningún dos contratos de compra venda que facían para levar e traer as mercadorías entre portos e poboacións da costa e do interior na rota a León e Castela. Si figuran os nomes das poboacións relacionadas no contrato, e os camiños reais que as unía relacionábase con esas poboacións, por exemplo: el “camino Real que va para las Puentes”, ou el “Camino Real que va para Villalba”; “el camino Real que vine de las Puentes para Río Mayor”; “el Camino Real que va del puerto de Vares a... etc.

Por eses contratos feitos entre as partes interesadas, segundo se demostra pola abundante documentación dos arquivos notariais, sabemos que ían e viñan pasando polas Pontes ata, ou desde os portos de Cariño, Río Maior, Espasante, o Barqueiro e Vares; para levar e traer as mercadorías entre os citados portos e vilas e as cidades e vilas do interior ata os antigos reinos de León e Castela. Eses arrieiros empregaban vieiros antigos que usaban civilizacións primitivas, polo que o medieval solapou, seguramente, á antigüidade tardía. Nesta zona, polo súa situación extrema e confinante ó




ITINERARIO VI: RIBADEO-AS PONTES


Ribadeo – Vilela – Vilamartín – Cabarcos - Lourenzá – Mondoñedo – Labrada – Lousada - As Pontes.

E ¿cantos máis camiños auxiliares, ou vereas habrá?, pois posiblemente algúns máis. Atendendo á toponimia xa poderíamos buscar noutros lugares da comarca, xa que os nomes romanos son abundosos e o de algún dos seus deuses tamén. Neste caso, e sen ir moi lonxe das Pontes, temos un exemplo en Momán (parroquia pertencente ó Concello de Xermade) non un nome, senón varios, como son: “**a Pedra de Xove**”³⁵, a “**fonte de Xove**”, o “**Porto de Xove**”, e o “**millar do Codeso**”; e non solo en Momán senón que noutros lugares tamén parece o nome de Xove, pola costa cantábrica, con achados de aras incluídas, coincidencia parecida témola tamén na parroquia do mesmo nome na mariña de Viveiro e noutros lugares.

mar, moitas cousas mantivéronse tal cal ó longo de varios séculos; no XX si que cambiou e moito esta circunstancia, pero perdoúselle sen escrúpulo ningún, ou con moi poucos, o diñeiro fai que se obnubile a mente e que o corpo se farte, e que pechemos o soño, o soño da irresponsabilidade e da iñorancia.

35 Aparece este nome nun pergameo do ano 1267, como un lugar de “**San Mamete de Mao-máyn**”, tal e como cita: “conve a saber polos términos pola **pedra de Jove**” ...” como se vai cabo o **castro de Jove**...” e se vai ao **porto vello de Jove** e se colle a u carreiro vello sobredo **millar do Codeso**”. Véxase en: Archivo Histórico Nacional, CLERO-SECULAR_REGULAR, Car.501, N.6 *El monasterio de Santa María de Monfero y los clérigos de San Mamede de Moman llegan a un acuerdo sobre ciertos derechos y términos de la iglesia de Santa María de Labrada y la sobredicha de Moman.*





non so frecuentaba o Mediterráneo e algunha mostra dese comercio quedou por tramos na costa galega, obxectivadas no achado das moedas púnicas atopadas cerca de aquí, como foi o caso do pequeno tesouro descuberto no solo dunha casa que estaban ampliando para facer unha fábrica para procesar os produtos da pesca no porto de Vares, achado que tivo lugar no último cuarto do século XIX e que non foi o único (unha mágoa que Maciñeira non nacera antes, pois desas moedas a maior parte foron vendidas e fundidas) ¿de onde procedían senón?, se algunhas desas moedas eran un ou dous séculos anteriores á chegada dos romanos á Galicia.

Ó de atrás poderíamos responder dicindo que puido ser ou dalgún enlace mercantil dun rico comerciante púnico de Gadir, Abdera, Sexi ou Baria; ou que foron os aforros dun usureiro que non era romano ou tamén dun romano que veu despois e gardouno. Podemos facer varias propostas e acertar ou equivocarnos, pero hai que tratar de esclarecer na medida do posible a súa procedencia e darlle a Vares importancia que non se lle está dando, simplemente porque non é unha cidade como Lugo, Coruña ou Vigo, ou porque non hai nin a sensibilidade nin o interese que debера, nin o número suficiente de veciños que, por exemplo, podan defender do abandono a ese xacemento.

As moedas, estas ou outras, puidéronse seguir empregando no comercio polo seu valor material, pode ser; as moedas dun emperador, dun rei ou dun ditador, seguen tendo valor legal uns anos despois de mortos, pero uns séculos ¿non será moito? En Vares e noutros portos galegos onde houbo asentamentos, ou emporios, de similar importancia está a resposta. Por se esa cita fora pouca lémbrolles tamén o achado do tesouriño de moedas de Montoxo, dado a coñecer por Maciñeira na década dos anos vinte do pasado século, moedas de prata e de bronce que apareceron, de forma casual tamén, ó escaravellar unha vaca coa pata á beira dun camiño, dentro dun recipiente de barro. ¿Quen foron eses ricos poboadores? Pois ou romanos ou hispano romanos e mesmo puido ser un rico “lapatianco” romanizado. Pensemos: se de forma casual apareceu todo isto, que non poderá

2.- Os achados numismáticos de Vares e de Montoxo como exemplo.

Nomes romanos e pasado romano; e sendo así, como non, parece que tería que haber unha vía romana por esta zona, ou un desvío desa rota; o mesmo que había unha rota marítima que era coñecida antes da romanización, pois a flota púnica



aparecer se se fan excavacións cos medios cos que contamos na actualidade neses lugares onde o seu nome é tan ilustrativo desde o punto de vista histórico.

¿Como explicar por ese achado a presenza de moedas anteriores ó século I da nosa Era? Pois unha das respostas pode ser a da existencia dunha rota e dun tecido comercial anterior doutra orixe, e que sería aproveitado polos romanos, rota que tanto viría por terra como por mar, polo que os portos e os cabos desta zona costeira eran máis que coñecidos polos antigos navegantes. Véxanse senón os achados da vila romana de Area de “Stabanón” (Estabañón) no concello de Viveiro; o nome de Faro dado a tres montes nas entrada da ría de Viveiro, na do Vicedo e na costa entre Espasante e Céltigos; ou o nome do Facho e do Faroleiro, en Cariño, son indicios que merecen ser investigados.

Outra pregunta que non ten aínda unha contestación completamente definitiva é a de ¿Onde estaban as illas “Casitérides” citadas por Plinio? ¿non estaban por esta rota de navegación?, e ¿os romanos non despistarían un pouco ós seus posibles competidores cando lles convida para evitar precisamente a súa competencia? Pensemos que os portos e asentamentos romanos pola costa galega eran imprescindibles por moitas e variadas razóns. Algúns dos que lles deron os datos ós cronistas clásicos (gregos ou romanos) tamén puideron tocar de oído e xogar un pouco ó despiste, sobre todo se non querían que se lles soubera algún segredo.

3. Na procura da antiga rota terrestre

Retomando o asunto que me trae aquí, porque xa levo dado varias voltas, situarémonos de novo no territorio e seguiremos na procura do rastro desa vía que, de momento, non podemos materializar totalmente pero que, de habelo, estará no trazado que foi aproveitado na Idade Media para continuar camiñando e

transportando os produtos da terra e a riqueza ó longo deses séculos; entre castro e castro, entre vila e vila, entre porto e vila, ou entre cidade e cidade.

Como quedou dito, aínda que poucos, da Idade Media temos algúns documentos escritos que nos falan deses camiños³⁶ e dos lugares polos que pasaban, podemos razoar e compoñer hipóteses nese teor e, en consecuencia, facernos unha longa pregunta: ¿O camiño principal que comunicaba as Pontes de Eume co resto de cidades, pobos, vilas e outros núcleos de poboación importantes (vicos, burgos, vilares) formaba parte desa rede viaria prerromana e foi aproveitado e mellorado polos romanos e polos hispano romanos, entre os séculos I e III da nosa Era? Poida que eu non sexa o único que se faga esa pregunta.

Como esta comarca tamén foi romanizada, ¿non o serían tamén as vías de comunicación? Pola micro toponimia parece que si, pois ¿non abundan por esta comarca, polas terras de Cedeira, de Ortigueira, de Viveiro ou da Terra Cha topónimos que o recordan? Se repasamos un pouco vemos que si: amilladoiros, brea ou vereas, calzada, costoya, curbeira, estrada, meixón ou meisón, miliario, miliato, padrón ou pedrón, parada, pedra escrita, pedra fita, pedra de Xove, porto, porto de Xove, portela, porteiro, poupada, poupariña, retorta, revolta, viadoiro etc. Todas esas acepcións fan alusión á algún servizo ou a zonas ou partes dunha vía de tránsito, onde ademais de circular por riba dela, descansábase, pagábanse certos tributos, salvábanse algúns accidentes xeográficos característicos ou rendíase culto a algún deus como Mercurio ou Xúpiter.

Parte desta pregunta, que dá pé a elaborar unha hipótese, fundaméntase, como xa dicía, no estudo da toponimia e no dos restos dos asentamentos castrexos dispersos por milleiros en toda a xeografía de Galicia; abondosos tamén na contorna das comarcas próximas como a Terra Chá, As Pontes, Eume, Terra de Trasancos,

³⁶ Sobre todo a partir dos séculos XIV, XV e XVI, citas do Camiño Francés, de hospitais de albergarías, e de moitos dos lugares polos que pasaba; e citas do Camiño Real que entraba e saía de Galicia, cara a Castela, por Vila Franca do Bierzo e por Cacabelos. Sobre todo na Idade Moderna, a partir do reinado dos Reis Católicos pois mandaron reparar e ampliar eses vellos e estarelados camiños.



Cedeira, Ortegal, Vares e Viveiro; pois todas elas, como vimos, formaron parte de territorios antigos como Montenegro, Bezoucos, Lapatiancos e Arros³⁷.

Algúns castros, castra, ou castella³⁸ foron abandonados e outros usados ao longo de varios séculos e aínda estaban poboados nos séculos XI, XII e a comezos do XIII, e mesmo conservan o seu nome ó lado do novo que lles impoñían. Nalgúns casos abandóanse tamén algúns por esa época (necesidade de novas ubicacións e necesidades defensivas) e noutros aproveitase para, enriba deles, levantar unha nova vila (fortificada ou non). E sería o señor da terra, que era un conde na maior parte dos casos, o que autorizaría a necesaria poboación, ou re-poboación, dalgún deses castros, ou antigos asentamentos. Dun dos castros das Pontes, o Castro da Uz, ocupareime documentalmente noutra ocasión, pois foi unha propiedade familiar e teño localizado algunha documentación escrita relativa á súa propiedade.

Continuando, vemos que encontramos poboamentos feitos incluso en tempos do citado conde don Rodrigo Gómez de Trastamara, que é un home do século XIII; tanto nos tempos del coma no de seu pai o conde Gómez González, que estaban facendo esa labor re-poboadora polos seus condados, é facíano na época dos reis

³⁷ Estes nomes conserváronse e mantivéronse nas antigas divisións eclesiásticas territoriais desde o século VI ata o XIII, dando nome ós respectivos arciprestados, segundo se pode comprobar polas actas dalgúns concilios como, por exemplo o de Lugo no século VI. Todo parece indicar que as antigas divisións eclesiásticas (desde o século VI e VII en adiante) mantiveron os lindes territoriais primitivos que coincidían na maior parte dos casos cos dos pobos prerromanos que os poboaron, ou os hispanorromanos e os suevos que os sucederon no tempo e nos mecanismos de poder. Arros e Lapatiancos son nomes prerromanos. Ó nome de Arros perdéuselle o rastro documental a partir dos séculos XIII e XIV (territorio que comprendía Ortigueira, desde o cabo Ortegal ata Vares) e o de Labacengos conservouse ata a actualidade no nome da parroquia de Santa María de Labacengos, pertencente na actualidade ó concello de Moeche. Poida que estes pobos prerromanos fosen os autores de certas ferramentas de bronce como machadas e diversos obxectos de prestixio como: arracadas, torques e lúnulas que apareceron en san Xoán de Espasante, en San Xiao de Senra, en San Martiño de Cerdido, en San Xiao de Montoxo, ou os xa citados e coñecidos achados do val das Pontes ou noutros lugares.

³⁸ Segundo se tratan de fortificacións indíxenas, campamentos de campaña ou de fortificacións romanas, respectivamente, se ben algunhas mantiveron o nome ata a Baixa Idade Media, e no caso dos castros e dos castelos ata a actualidade.

Fernando II, Afonso IX, Fernando III e Afonso X; tempos tamén de “Foros” e de “Cartas Pueblas” ás que podían acollerse os poboadores deses antigos núcleos e doutras novas poboas e vilas. Ó fin eran xentes unidas entre si polas boas ou polas malas, baixo do amparo real e do seu peso e ameaza, por xestión directa da coroa, ou dun conde. O gran impulso do comercio, é doutros factores, a partir do século XII e XIII sería fundamental neste modelo.

Como unha pequena proba diso relativa a esta zona, adiántolles que o conde Don Rodrigo Gómez foi o re-poboador do coto de Mañón no ano 1256, que ademais fixo o mesmo con outros moitos lugares, antes e despois del, e outros condes coma el, fixeran algo parecido coas Pontes de Eume, Coruña, Viveiro ou Santa Marta de Ortigueira, ás que o rei de do momento lles dera unha “Carta Puebla” ou o “Foro de Benavente”. Os intereses da Coroa non eran alleos a estas “mercedes”, nin moito menos, a coroa estaba na cabeza do poder e ansiaban riquezas e honores, en contraposición a outras familias da nobreza, da igrexa regular e da secular. Todos, de distintas ou parecidas formas, disputábanse as diversas caras que tiña o poder. A coroa tiña que sumar forzas para aglutinar o resto dos poderes en disputa, polo que acudía, e a historia así o demostra, a todo tipo de recursos posibles. Un de entre os nobres e poderosos sería o rei, ou a raíña. Un e so un, por tempos e espazos xeográficos, o resto situaríase como podía nesa pirámide típica do Medievo e tamén do Antigo Réxime. En baixo de todo, como era habitual, a gran masa campesiña, os desleigados.

4. Lapatiancos³⁹ e o val das Pontes. A importancia dos recursos minerais, as fontes para obtelos e as vías de comunicación para distribuílos.

Atendendo a isto podemos analizar outra hipótese máis que xustificaría a creación dunha vía ou camiño importante na época que estamos a estudar, para poder trasladar os importantes recursos desta ampla zona, pois no val da Pontes como no

³⁹ Antigo pobo prerromano e antigo arciprestado Alto medieval, citado polos cronistas clásicos e nos concilios, que abranguíña entre as rías de Neda e o cabo Ortegal, aproximadamente.



territorio dos antigos Lapatiancos (a onde pertenceu o territorio onde se asentaría As Pontes, segundo o recollido nas divisións eclesiásticas medievais) abundaban os minerais, entre os que estaba o cobre, o ferro e a prata, e igual que nas Pontes, na zona de Labacengos, Cerdido, San Román de Montoxo, San Claudio, onde algunhas compañías estudaron e explotaron o restos deses xacementos, o que fixeron a finais do século XIX e na primeira metade do XX.

Nas Pontes entre os séculos XVIII, XIX e XX, aproveitouse todo e máis, desde as minas de prata ata o carbón, deixando o territorio escualido, exhausto, sen apenas recursos no subsolo, producíndose unha modificación de tal calibre que ata naceu un lago artificial que destaca desde as alturas que fotografan as cámaras dos satélites artificiais. Pois en toda esta transformación tamén se perdería unha boa parte deses restos romanos, que os hai aínda, sobre todo na zona que non foi afectada pola mina. Do resto so as testemuñas das roturacións saben realmente o que había de prerromano ou de romano no chan das Pontes. Menos mal que nos queda Maciñeira, sempre nos quedará Maciñeira e os documentos.

CAPITULO III

OS CAMIÑANTES BAIXO O AMPARO REAL E A PROTECCIÓN DAS VILAS

1.- Camiñantes e comerciantes baixo o amparo real e a protección das vilas

Se os moradores das vilas da Baixa Idade Media xa tiñan amparo real, tamén o tiñan os que entraban e saían delas a mercar e a vender, polo que había a necesidade de protexer ós camiñantes e vixiar os camiños, gornecelos dalgún xeito polo que non tardarían en coñecerse co nome de Camiños Reais; por riba deles podíanse desprazar os comerciantes coas súas mercadorías con certa seguridade; o mesmo

que o Camiño Francés por onde, maiormente, viñan os peregrinos (o nome de peregrino ven dunha palabra latina: “per ager”, literalmente o que camiña polo campo, ou os que camiñan atravesando os “pagos”, e de aí deriva “peregrinatio”= peregrinación).

Deste Camiño Francés (xa escribín algún traballo nesta revista) danos unha boa explicación da función que desempeñaba un documento⁴⁰ do ano 1457 que di: “Para los que alli vinieren en romería, por estar en el **Camino Francés**, et romeraje de la Yglesia del glorioso apóstol Señor Santiago de Galicia, Patron de España, et asy mismo de la yglesia de San Salvador de Oviedo”. Por As Pontes tamén pasaba o Camiño Francés.

O Camiño que pasaba por Oviedo poida que fose un dos tramos primitivos do Camiño Francés, debido á antigüidade e importancia do reino de Asturias, de Oviedo e de San Salvador, centro relixioso de especial importancia onde se conservaban un gran número de reliquias de mártires e santos, que eran buscadas especialmente polos peregrinos enfermos na procura da súa curación, pois as crenzas propagadas, promovidas polas correntes relixiosas cristiás, outorgáballes, ou presupoñíalles, ese beneficio.

Sirva este breve adianto para situarnos no decorrer dos tempos onde a xente e as bestas camiñaban por necesidade, por uns rueiros enlameados, estreitos e empinados, difíciles de atravesar en moitos casos, sobre todo na Galicia montañosa, onde chegar a unha vila e meterse dentro das súas murallas era un fin ansiado polos camiñantes do Medievo, e moito máis polos arrieiros e comerciantes, pois non tiñan moito que os defendera, senón entre eles, ata que estaban ó amparo da milicia dunha vila. O tempo é unha variable á que non se lle pode meter presa,

40 LÓPEZ, ATANASIO. (1918) “Documentos sobre el convento que existió a finales del siglo XV en Villabad, (Lugo)”, ARCHIVO IBERO AMERICANO 10, 329-333.

Santa María de Vilabade foi un santuario franciscano construído en Terra de Castro Verde- Lugo, no Camiño Francés que ía e viña de Oviedo para Santiago e outros lugares e santuarios.



e daquela a natureza impoñíase por riba dos avances técnicos, pois a tracción empregada era de tipo animal e xa se sabe á velocidade que se desprazaban.

A riqueza medraba e a xente quería medrar con ela e trocala de mans, vender e mercar, polo que se fixo necesario crear estes núcleos vilegos coma o das Pontes, dotalos de murallas, portas, fortaleza, calzadas, fontes, tafonas, e todo o necesario para o abastecimento das xentes e dos animais; sen esquecer a asistencia relixiosa que daban as igrexas ou os conventos; e tampouco a corporal que daban os hospitais, a cargo estes últimos, ou do concello, ou dunha orde relixiosa ou dunha fundación particular.

1.2. O itinerario que comunicaba Astorga coas Pontes e con outros lugares da costa ártabra, do Ortegaleira e de Vares no século XV

Por un documento do ano 1431 fortalecemos o exposto anteriormente, é dicir a hipótese de que estes vellos camiños poden moi ben ser a prolongación e aproveitamento das vías altomedievais ou das romanas primitivas, ou dunha boa parte delas, neste caso a que comunicaba Asturica Augusta (Astorga) ou Castra legionis (León) con Lucus Augusti (Lugo), e esta última con Brigantium (Faro-A Coruña). Outra vía importante que viña do Sur era a que procedía de Bracara Augusta (Braga), e uníase coa anterior en Astorga e noutros lugares de León, co que a rede de distribución e transporte romano e hispano romano unía as principais cidades do Imperio, cumprindo así a función pola que fora deseñada e trazada esa rede.

E puido darse o caso de que os comerciantes dos séculos XIV e XV utilizasen eses mesmos camiños e mantivesen e reclamaran os privilexios de liberdade de comercio (por vías similares, ou con lixeiros desvíos), neste caso a exención do pago dos portádegos polas súas mercadorías, axúdanos a presentar como posible á hipótese de que estes camiños e costumes viñan de moi antigo, e simplemente se mantiveron e reclamaron.

Os lugares que aparecen citados no documento que se transcribe integramente ó final deste traballo, teñen unha relación antiga e común, e non so a do homo viator. É un nome como ligazón, o da cidade de Astorga, a antiga *Asturica Augusta* onde confluían varias vías romanas, pois en todos eles houbo e hai, un asentamento de poboacións antigas, neste caso influído e aproveitado polos romanos, como poden ser os portos do mar onde existiron asentamentos de salgadura de peixe ou de extracción de marisco; e o da cidades do interior onde se abastecían deses necesarios produtos e se fabricaban outros para intercambiar e comerciar. Os caso de Lugo e de Astorga son significativos, comparten pasado e importancia xerárquica nese pasado, polo menos entre os séculos II, III e IV da nosa Era, e seguramente de moito antes.

O documento é unha solicitude feita por dous comerciantes Pedro e Alfonso Botas, veciños da Xurisdición de Astorga, (familia que é orixinaria de Castrillo de Polvazares, en terra da Bañeza), que en nome dos seus intereses e nos de outros coma eles, recordan os privilexios de exención do pago de portádegos que disfrutaban desde tempos pasados, cando outros reis os concederon a outros comerciantes, reis que primeiro foron os de León e despois de Castela ó unir as dúas coroas a partir do 1230. Polo que a cousa viña de vello.

Os lugares e cidades que se citan na reclamación feita por estes comerciantes leoneses demostran que tiñan dereitos de entrada nas vilas sen pagar ó entrar polas portas coas súas mercadorías (de aí o de portádego), vilas e cidades que estaban entre o interior e a costa galega; dereitos reclamados en beneficio propio e que facían saber as autoridades dos lugares pon onde pasaban, onde “mercadeaban” ou facían noite.



1.3. Os dereitos de exención que tiñan todos os veciños da cidade de Astorga de pagar: portádego, peaxe, pasaxe, rondaxe e castelaxe⁴¹.

No ano 1431 as cousas andaban revoltas no Reino de Galicia e os súbditos e vasalos (incluídos os comerciantes) andaban temerosos dos abusos dos señores. Na vila das Pontes tamén se facían notar estes abusos e nas Mariñas dos Condes e na dos Freires, o mesmo. Toda Galicia andaba revolta e levaba así uns anos, e botaría uns anos máis. Perduraban os ecos da primeira revolución Irmandiña comezada a finais do século XIV e non rematada, logo virían máis.

Aínda que nada disto di o documento desas revoltas dos Irmandiños no Reino de Galicia por ese ano de 1431, pois os señores da terra andaban en loita entre eles e os seus vasalos, fartos estes de tantos tributos para uns e de exencións para os outros, segundo a clase social á que pertencían. Polas Pontes, Ferrol e Vilalba andaban afoutados contra de Nuño Freire de Andrade o Mao; polo que os temerosos maragatos recorrían ó amparo real. Por iso fan esta reclamación e solicitan que se lles garden os seus dereitos unha vez máis.

Comeza a descrición citando ó portagueiro de Outeiro de Rei, "e aos outros portagueiros da cidade de Santiago e de todo o seu arcebispado et de Sarria et Tracastella et da Prova de San Iuliao et de Prayde et de Boogelo et da cidade de Lugo et de Outeyro de Rei et de Vila Alba e das Pontes de Garcia Rodriguez e de Ferrol e de Castro de Rey e de Castro Verde e de Cervás, e da vila de Cedeira e de Varas e de todas as outras cidades et vilas e logarees do dito Regno de Galicia que eran absentes...".

Se ordenamos un pouco o listado veremos que todos estes lugares están situados nalgunha das vías romanas citadas anteriormente, ou son prolongación deles;

⁴¹ Este tipo de impostos indirectos pagábanse ó atravesar a porta dunha vila, unha ponte ou un porto onde se pagaba peaxe, dunha zona onde se facía ronda por velas nas murallas dunha vila ou praza forte, ou onde houbese un castelo que había que gardar e que protexía un camiño. O pago destes tributos arrinca de moi antigo e son típicos do feudalismo. Unha exención deste tipo de impostos precisaba un privilexio de exención, quen o tiñan, gardábano como ouro en pano.

polo que parte desa rede viaria púidose aproveitar e seguíronna usando, o mesmo que fixeron os romanos cando chegaron a Galicia que tamén aproveitaron os camiños e pasos naturais que había anteriormente. O que fixeron os romanos foi perfeccionala e afianzala, aproveitando que os seus métodos construtivos estaban moi desenvolvidos. Trazaban e construían o tipo de vía segundo fose o terreo que atravesaban, fabricando as pontes que necesitaban. En Galicia como abundaba a pedra, pois con pedra na súa superficie, e con outros materiais nas distintas capas con que as afirmaban; o trazado era o primeiro, a construción⁴² viña despois.

E para rematar sinalo que estas son algunhas das razóns polas que defendo o estudo e a debida valoración desta rota milenaria, aínda que seguro que hai máis. Intentalo no medio de tantos camiños de asfalto pode resultar moi enriquecedor.

E como a conca do Eume débelle o nome a ese río, así como varias vilas e algunha freguesía, deixo o recordo que dese río escribiu o Licenciado Molina no no 1550:

“De los ríos. fo. xxxv.

*E nascon del picos ristral bien sabido
tres rios y pongo / a landrobe primero
que algunos llaman / el rio bivero
tomando del pueblo / tambien apellido
el otro es el masma / que arriba he traydo
al otro tercero / le llaman el ume*

⁴² Primeiramente trazaban dous sucros paralelos, de non máis de seis metros de ancho, e dentro deses límites construían dúas cintas mestras ou *margines*, escavaban o terreo para facer o alicerce dentro deses sucros para proceder á construír a vía que soía compoñerse de distintas capas, que comezando pola inferior eran, principalmente: "*statumen, rudus, nucleuse e o pavimentum ou summam erustra*". O nome de calzada deriva da palabra latina *calcata*, que quere decir calcar, pisar. A tres tipos de vías romanas máis habituais eran as chamadas *stratis lapidibus, injecta glarea* e a *terrena*.



*este no es grande / mas cierto presume
por sola su puente / de ser muy tenido.*

En esta sierra se llaman pico do ristral. Nacen tres rios es hagia el valledoro: el uno es el landrobo: que va a dar a la villa de bivero: de la qual dijimos arriba, y otros llaman a este rio el bivero: por rason deste pueblo por do passa. El otro rio se llama masma: que es el que entra en la ria del puerto de santiago de foz: do se hacen gentiles navios y de mucho porte: porque es tierra a mucha maderá y fuste para ellos. El otro rio se llama ume q no es grande: mas por la grandeza de aquella puente de q dijimos arriba ay memoria del que son las puentes deume po: do va este rio derecho a la mar.

Non sei se o Licenciado Molina se refería á antiga ponte da vila das Pontes, ou se falaba da Ponte de Ume; e digo isto por dúas razóns, vexamos: a primeira é a “grandeza” da ponte á que alude, pois a da Pontedeume era e é moito máis grande que a das Pontes de García Rodríguez; e a segunda é que di que desde las puentes deume vai este río dereito ó mar, e como moi ben sabemos o río Eume, desde a vila das pontes de García Rodríguez ata o mar, aínda ten que dar unhas cantas reviravoltas; de ir dereito media un longo, escabroso e frondoso treito. Grazas a esas reviravoltas e ós caprichos da natureza, naceron As Fragas do Eume.

Velaí como ata ós clásicos lles puido levar a engano o plural e o singular á hora de falar desta dúas vilas irmáns, pois son fillas do Ume: Pontes de Ume, Ponte de Ume. Non foi o único.

APÉNDICE DOCUMENTAL

1. Documento do ano 1431, Requirimento de Pedro e Alfonso Botas, veciños de Astorga,, ó alcalde de Lugo, para que garde e faga cumprir no Reino de Galicia o

Real privilexio que exhiben, polo cal os veciños da citada cidade leonesa, estaban exentos de pagar portádego.

Transcripción.

“Año do nacemento de noso Señor Ihesu Christo de mill et quatrocentos et treinta et hun anos vسته tres dias do mes de julio estando ena ciudade de Lugo por ante Fernan Gutierrez alcaalde ena dita ciudade por Gomez Garcia de Fojos vasalo et corregedor de noso señor elrey eno rregno de Gualega et de seu mandado special para este negocio a juso scripto en presenca de m Gomez Alfonso notario publico da dita ciudade de Lugo er de testemoyas a juso scriptas. Apareseu enton ante el de presente Pedro Botas por sy et en nome de Alfonso Botas que estan presentes vecinos et moradores ena ciudade de Astorga estando y presente Fernan Perez juiz et portagueyro de Outeiro de Rey et logo os sobre ditos presentaron et fezeron leer ante o dito alcaalde por m jn o dito notario hun traslado de hua carta et prevslegio de noso señor elrey scripta en pergameo de coyro. et signada de signo de Alvar Rodriguez notario publico que se dizia de noso señor elrey ena dita ciudade de Astorga eno qual dito prevslegio se contina entre as outras cousas que exentava et dava por exemptos et franquados a todos os vecinos et moradores de dita ciudade de Astorga em todo seu regno et señorio de todo portadego et peage et pasage et rondage et castelagem et de todo outro tributo qual quer que pomen aya de portadego que en qual quer maneyra se ja pidiados o demandado segundo que se pareseia por lo dito privilegio et traslado del o qual levaron en seu poder para guarda de seu deryto por virtude do qual dito prevslegio diseron que pidiam et pidiron ao dito señor rrey queo conprise et guardase et mandase conprir et guardar segundo que se en el contina. Et teng conprindo et guardando et fagendado guardar et conprir que constrengese et mandase logo ao dito Fernan Perez juiz et portagueyro do ditolugar de Outeiro de Rey et aos outros portagueyros da ciudade de Santiago et de todo seu Arcebispaado et de Sarria et Griacastela et da Prova de Sam Jullao et Bande et do Booyelo et da ciudade de Lugo et de Outeyro de Rey et de Vila Awa et das Pontes de



García Rodríguez et de Ferrol et de Castro de Rey et de Castro Verde et de Cerva et da vila de Cadeyra et de Vares et de todas las outras ciudades et vilas et lugares do dito Regno de Gualigia que eran absentes que os tñan prendados et pñorados por las ditas portagees et dereytos fasta aqui et os quiriam prender por ellas de aqui endeante. que os contringesen et lles mandasen quelles dessem et entregasen as ditas suas prendas quellas sobri lo avia tomadas et prendadas et quelles mandase que daqui endeante que os no prendasem por elas ne as pñesen ne levasen delles. ne dos outros vizinhos et moradores da dita cidade de Astorga segundo que se contñan eno dito privilegio et enla mercede do dito señor rrey et logo odito alcaalde tomou et rrescebeu en sy odito privilegio co rreverencia deu sda como acarta de seu señor et Rey natural que Deus manda viver et regnar por los longos tempos et boos poendoa ena cabeza e tena conprindo et obedescendo por servico et mandado do dito señor Rey et por non caer nen encorrer enas penas en ela cont judas. diso que mandava et mandou por seu mandamento et sentença ao dito Fernan Perez juyz et a donde este seu mandamento sobre dito et sentença fose mostrado. et..... sub as penas cont judas eno dito privilegio et cartas do dito señor Rey et sopena de seyscientos mrs. et atodos los outros portageyros do dito Regno de Gualiga a cada hu dellas por quen ficase deo asy fayer et conprir quelles dessem et entregasen todas suas prendas logo sen outra tardana. et custa algua et aas ditas suas partes por que favian segundo quellas las asan tomadas et pñoradas por las ditas portagees fasta aqui et des aqui en deante que lles mandava sub as ditas penas et dos ditos seyscientos mrs. para a camara do dito señor Rey queos non demandasen ne pñorasen. ne levasen delles cousa algua por las ditas portagees et eages et dereytos. mandandolles teer et conprir et guardar en todo et por o dito privilegio et carta do dito señor Rey aos itos vizinhos et moradores da dita cidade de Astorga segundo que se am ela contñan. et desto en como pasou os sobre ditos Pedro Botas et Alfonso Botas. diseron que pidiam et pidiron amy odito notario quelles lo dese asy por testimoio signado para guarda de seu dereyt et cada hu dellas et aos outros absentes vizinhos et moradores da dita cidade de Astorga quando et cada queo quisesem et se entendesem de aproveitar delo para garda et conservaco de seus dereytos. et logo odito alcaalde diso que asy mandava dar signado amy o dito notario

segundo queo pidiam. t.s. Que a esto foron presentes Fernan García de Mesa Scudeyro et Nuno Gomez coogo de Lugo. et o dito Fernan Perez juyz et Juan Lopez mercador vizinho de Lugo et outros.

Et eu Gomez Alfonso notario publico da dita cidade de Lugo por la autoridade do señor obispo et iglesia dese lugar. desto que sobre ditos con as ditas testemoynas presente ffu. et por mandado do dito señor alcaalde do dito señor corregedor et arogo et pedimento dos sobre ditos Pedro Botas et Alfonso A continuación extractaremos, e comentaremos, algúns documentos que teñen que ver cos antigos territorios, tal e como recollemos na cita a pé de páxina nº 10, CAPÍTULO I, pto1. A numeración que lle asinaremos será á do orixinal, e ó lado a que lle corresponde neste apéndice.

DOC. NÚMERO II. (Ob. Cit. Apéndices, páx 6-8)

ERA DCCCLXVIII.

AÑO de C. 830.

(Título orixinal) Designación hecha por Tructinio, delegado de D. Alfonso II, de algunas de las iglesias pertenecientes a la Sede Iriense.

"In Era DCCCLXVIII venit dñs. Tructinus per ordinationem dñi Adelfonsi principis et consignavit dño. Adulfo episcopo ecclesias qucumque sunt proprie hyriensis Sedis, id est,

in trasancos et labayngos scm Petrum iuxta fluvium naray. Ecclesiam in dorsu. Sca Maria in Brion. Scm Saturninum iuxta fluvium iobia. Scma vicentium in cetaria et insula selima cum sua eclesia. Scma Maria in Carantra.

In basucos ecclesie sco Eulalie in caurio. scm vincentium in carois. scm. tirsun in magobre. Sca eulalia in Lubre. Scma iulianum in siliobre. Scm. Iacobum iuxta siliobre.



In comisso de Plutios. Scm. Xpoforum ad eume. latum portum. Scm martinum in tiobre [...].

COMENTARIO: Neste extracto documental vemos que comeza a designación co encabezamento de rigor, figurando a data e o nome dos intervinientes que eran D. Trucctinio, o Rei Alfonso II e o bispo de Iria Adulfo. A continuación comeza a designación das parroquias pola parte oriental da diocese de Iria, é dicir, naquel momento por Labacengos. O arciprestado de Arros non figura e presupoñemos que ou ben non formaban parte desa designación, ou ben, (caso dubidoso) pertencía naquel momento á diocese de Britonia, se ben que sabemos que Arros pertenceu a Iria, pero non sabemos exactamente desde cando, pois os documentos que citan os primeiros concilios de Lugo e o II de Braga, son copias tardías.

As parroquias citadas en primeiro lugar pertencen a Trasancos e a Labacengos (algunhas coñecidas), así temos: San pedro de Narayo, Santa María de Brión, San Saturnino, preto do río Xubia (como vemos estaba fundada moito antes da Orde do Temple, a quen parece que pertenceu uns séculos mais tarde), San Vicente de Cedeira, e a Insua “Selima” coa súa igrexa santa María de Caranza.

Polo que respecta a Bezoucos (Besaucos) cítanse as igrexas de: Santa Alla de Coiro, San Vicente de Carois, Santo Tirso de Mallobre, Santa Alla de Lubre, San Xiao en Sillobre e a de Santiago, xunto a Sillobre, que seguramente daría lugar á parroquia de Santiago de Barallobre, pois existe un documento, cuxa copia se transcribe nun dos libros do arquivo desa parroquia¹, que proba a existencia dea mesma desde o século X, é dicir, máis ou menos, un século despois da data documento.

¹ Libros que tiveron ocasión de consultar amplamente pola xentileza de D. Elías, profesor de relixión nos institutos de Fene, que foi cura párroco nesa freguesía, a quen coñecín e tratei ó longo dos anos. Desfrutei da súa compañía varias mañás de sábado de xa fai uns anos, cando andaba na procura duns datos familiares, contándome moitas anécdotas da súa vida e das orixes da Imprenta Adral que el mesmo botou adiante na mesma casa reitoral de Barallobre, e que mantivo durante moitos anos.

Continúa coa lista das igrexas do comisso de Pruzos (Plutios) onde aparece citado o río Eume, comezando por: con san Cristobo ad Eume (hacia Eume, cara ó Eume). Latum portum (Porto extenso, grande ou ancho) e san Martiño de Tiobre.

DOCUMENTO NÚMRO XXXVII. (Ob. Cit. Apéndices, páx (82-85))

ERA DCCCCLIII Santiago Año de C. 915 (29 de xaneiro)

(Título orixinal) Concilio celebrado a lo que parece en Zamora en que se restablecen los obispados de Tuy y Lamego, cuyos obispos estaban refugiados en la Diocesis de Compostela.

Neste documento figuran os nomes do Rei Ordoño e da raíña Elvira, así como os dos bispos que participan nese concilio, que son:

“Recaredo, lucense, Froarengo conimbriense, Jacobo cauriense, Gemnadio astoricense, Savarico Dumiense, Asuri auriense, Adtila zamorensi, Frominio legionense, Oveco ovetense, Anserico visense [...]”.

E polo que respecta á cita que nos interesa vemos que se citan, entre outros, Trasancos, Labacengos e Bezoucos:

“ Et hec sedes hiriensis, quae est coniuncta loco patronis nostri scti Jacobi Apostoli, fines suos ab omni integritate custodiat et contineat, sicut ab antiquis Patribus praescriptis cognovimus, id est, Trasancos, Labatienkos, Nemanos, Céllicos et Carnota, quam obtinuit Episcopus lameciensis, necnon Nomitos, Farq, Breantinos et sonaria, quam obtinuit Episcopus tudensis; adiciendo ad hec Prucios et Bisancos[...]”.

O arciprestado de Arros tampouco se cita como pertencente á Iria, sen que sepamos a razón. Poucos anos despois de celebrado este concilio, o territorio



de Ortigueira, co pobo que habitaba nel, entregaráselle en commiso² a Gutier Menéndez e a Ilduara Eiriz, pais do bispo san Rosendo.

DOC. NÚMERO XLV. (Ob. Cit. Apéndices, páx 101-102)

ERA DCCCCLX.?

AÑO de C. 922?.

(Título orixinal) **Convenio entre D. Recaredo, Obispo de Lugo, y D. Gundesindo, Obispo de Santiago, sobre los commissos de Pruzos y Besoucos.**

“Recaredus, et dñs Gundesindus episcopus contendentes pro commissos Prucios et Visancos, et dividimus homines bene, ut sint medii post partem sci Jacobi et medii post illius ambo commissi, dum Recaredit eps aduixerit [...]”

Encabezan a confirmación os reis Ordoño e a raíña Elvira e tamén algúns obispos, entre os que está o bispo de Astorga Gemnadius e Sabarico.

DOC. NÚMERO LVI. (Ob. Cit. Apéndices, páx 122-125)

ERA DCCCLXXIV

CAAVEIRO

AÑO

de C. 936?

(Título orixinal) **Danción hecha a este convento por los abades Rodrigo y Anagildo, los Obispos Rosendo y Ero y el Clérigo Sisualdo.**

Nesta doazón feita ó mosteiro de san Xoán de Caaveiro cítanse a bisneti Arguili e trastaloni quorum proprietates fuerunt ab integro cum omnes fines eorum secundum nomina eorum singillati et ipsas firmitates resonat, alii obtulerunt alii conmutaverunt in aliis locis, et affirmaverunt nobis ipsas villas, et ecclesias videlicet ecclesia sci. Baudili, cum ipsis villis que prope eam sunt. Scilicet Villa de sandi superior et inferior, et arnoso, et teixeira, Agra et porcar, et corveira, et cencui, et aliocencui. Ecclesia de sca maria de cavalar cum sua frugigia, et villis

nominatis irmuldi, et fuinti, et martim, et vilar de mouras, Ecclesia sci iacobi cum suis villis discurrentibus ibi. Videlicet bretonia et alia bretonia et villa et villasusu, et giansim e talio giesim, et vilarino et calavario, et minindi, et quingui, et silauree et fornelos, et alto fornelos, Sca. Cosalia cum sua frugigia, Svarig, et ioani, et alio ioani, et fornos, et vilar, et vauludusu, Ecclesia sci martini de goenti cum sua frugigia gienti, et alio genti, et pedras de vodas, et cornis, et maldioso, Ecclesia de sco Petro de unia cum suis villis, Idest filgueira, Avariga, Miuminta, Tivrai, Curnias, Furnus, Murugoso, Teixidu, et hoc totum cum aliis villis que intus sunt que nobis affirmaverunt et concesserunt per terminos, Sive et quod pontifici nro. Dño. Rodasindo epo. Comparavit et adquisivit de heredibus suis, et hoc comes Adofonsus conmutavit cum filius arnotali, et rodericus diacons, et romaricus diaconus conmutaverunt cum Munio et Munia et spasanda que concesserunt proprietates suarum hereditatum huic cenobio sci. Iohannis de Calavario, et quod conmutavit comes Adofonsus, et affirmaverunt epos. Nominatus. Erus et rodasindus cum colegas suas, et affirmaverunt per terminos de rio Coro et inde per pedra de Lubriplum, et inde per aqua de Nida, et inde per terminum de Carro freito, deinde per scamelados, deinde per scm Martinum de Goenti, deinde per aqua de Filgueira que intrat in flumine eume, omnes ipsas villas cum suis saltis roboratis et pomerias, Ortos olerum et maguis et pasquis paululibus exitus montium et regressus cum omnibus aiunctionibus suis et prestationes [...]”

Ó final da transcripción figura a nota seguinte:

(Inéd. Copia del diglo XII.- Se guarda en la parroquia de Soaserra.- Al dorso se dice que este documento era el segundo del Tumbo de Caaveiro).

Este documento é o que transcribe D. Fernando Porta de la Encina no traballo que fixo sobre Caaveiro, citado no CAPITULO I, pto. 1.2, nota ó pe nº 18.